




anda!na

56

revista galega de pensamento feminista
3/2010 prezo: 5 euros



- 03 Editorial**
- 04 Denuncias e comentarios**
- 08 Queixas ao Defensor do Pobo**
- 10 Representación galega da Marcha Mundial das Mulleres no Congo**
- 13 I Curso de verán sobre Novos Feminismos**
- 15 Mulleres nas ondas**
M.ª Teresa Piñeiro Otero
- 22 Hetaira, Xornadas sobre Prostitución: «...E agora, as traballadoras do sexo»**
Felicía Estévez
- 25 I Encontro de Xornalistas Galegas e III Encontro Estatal de Xornalistas con Visión de Xénero**
Áurea Sánchez
- 28 As inmigradas míranse no espello da prensa española: Reflexións dunha autodesignación**
Iolanda Martínez Suárez
- 34 Pilar Farjas, o Opus e o Partido Popular de Núñez Feijoo: Atrancar o dereito ao aborto e promover a RedMadre**
Ana Luísa Bouza Santiago
- 37 Volta atrás**
Guillermina Domínguez Touriño
- 39 «Con A de Astrónomas». Mulleres mirando ao ceo: Unha mostra para asombrarse**
Josefina F. Ling (do grupo «Ela é unha Astrónoma»)
- 44 A muller baixo o franquismo: Apuntalando mentalidades**
Victoria Martins R.
- 47 O feminino mítico no Xapón**
María Jesús de Prada Vicente
- [LIBROS] **53 Los que se fueron**
Ana M.ª Arellano
- [LEMBRANZAS] **54 Pilar, traballadora nunha fábrica de dentríficos**
Angélica e Patricia Comesaña Comesaña
- 56 Parabéns á Festa da Palabra Silenciada**

Revista Galega de Pensamento Feminista
Terceiro cuadrimestre, 2010
Apdo. 1058 Santiago de Compostela
www.andainamulleres.org
andaina@andainamulleres.org

Consello de redacción
Nadia Álvarez Fernández
Ana Arellano
Patricia Arias Chachero
Celia Balboa Guerra
Dalila Dopazo
Zélia Garcia
Laura Gómez Lorenzo
Pilar Pérez Rey
Saleta de Salvador
Nanina Santos
Iria Vázquez
Estrela Villaverde

Colaboran neste número
M.ª Teresa Piñeiro Otero
Felicía Estévez
Áurea Sánchez
Iolanda Martínez Suárez
Ana Luísa Bouza Santiago
Guillermina Domínguez Touriño
Josefina F. Ling
Victoria Martins R.
María Jesús de Prada Vicente
Ana M.ª Arellano
Angélica e Patricia Comesaña Comesaña

Deseño gráfico: **Uqui IIIII Cebra**
Imprime: **Grafisant, S.L.**
D.L.: C-1.146-88

Os sectores do feminismo que están a favor da abolición da prostitución, levan meses promovendo unha campaña contra os anuncios de servizos sexuais na prensa escrita. Nos seus argumentos equiparan os xornais que os publican cos proxenetas e coas mafias que se lucran co negocio da prostitución. É máis, hai quen, ao identificar as traballadoras sexuais coas mulleres traficadas polas mafias, acusa a estes medios de dar cobertura e publicidade a actos delituosos tipificados no Código Penal.

A campaña chegou ata o Congreso dos Deputados, onde o pasado 21 de setembro se aprobou unha resolución instando ao Goberno a que no prazo de catro meses remita de novo ao Congreso unha proposta que promova a desaparición dos anuncios de prostitución na prensa diaria... Un pouco ambigua, pero aí queda para continuar coa campaña.

O intercambio de sexo por cartos só é admisible cando queda oculto, por iso o queren deixar para as aforas das cidades ou para os clubs que xorden como fungos relucentes nalgunhas estradas. O sexo evidente afea as cidades e as consciencias. Os argumentos para agachar baixo a alfombra este negocio baséanse na dignidade aldraxada das mulleres –de todas as mulleres, non só das traballadoras sexuais–, e na loita contra as mafias que trafican con mulleres. Pero é sabido que na brétema da alegaldade é onde mellor caldo de cultivo atopan estas mafias e onde a explotación é máis difícil de combater.

Dá igual, a loita agora é contra os anuncios de sexo, quérense sacar dos xornais. Resultan demasiado provocadores, non só porque amosan ás claras a existencia dun intercambio comercial co sexo de por medio, tamén porque en moitos deles exhibense sen pudor as morbosas fantasías dos demandantes, homes case a to-

talidade, e moitos por certo. Leo nun blog que se manifesta contrario a existencia destes anuncios¹ que en España estímase que hai unhas 400.000 mulleres traballando na industria do sexo, e tamén que estas mulleres realizan entre 5 e 10 servizos diarios, polo que facendo as contas resultaría que unha boa parte dos homes

editorial

deste país son demandantes destes servizos... É certo, é un negocio; un negocio que move moitos cartos,² onde a explotación das traballadoras non está visible nin pode aterse a ningunha regulamentación, onde a sociedade só admite a estas mulleres como vítimas e pecha os ollos ante as escasas posibilidades que se lles ofrece para saír adiante por outros medios, onde as condicións de traballo son moitas veces indignas e perigosas...

Prohibir os anuncios nos xornais non vai a eliminar a prostitución. Isto é algo admitido polas mesmas persoas e grupos que promoven a súa prohibición. Pero a dificultaría un pouco máis. Dificultaría tamén un pouco máis a vida as traballadoras sexuais. Claro que sería por pouco tempo, de seguida se articularían outras formas de anunciarse, porque si, é certo, é un negocio do que se lucra moita xente, mesmo as empresas editoras. Algunhas traballadoras do sexo tal vez vivirían un pouco peor, terían que limitarse aos clubs ou a rúa, pero tranquilizaríamos as nosas consciencias. ■

¹ <http://www.antoniosalas.org/blog/>

² O negocio da prostitución move en España 18.000 millóns de euros anuais, tendo en conta só o pago de diñeiro a cambio de prestacións sexuais, segundo o informe *Los amos de la prostitución en España*, do xornalista Joan Cantarero.



denuncias e comentarios

As roupas que mercamos, os éxitos das multinacionais, os dereitos das mulleres, a igualdade... son cuestións relacionadas se botamos un ollo interesado ás pezas do quebracabezas que é o mundo en que vivimos. Parte moi substancial da brillante emerxencia de Amancio Ortega, líder do grupo galego Inditex, respaldo da coñecida marca Zara, vén de fabricar fóra boa parte das súas mercadorías. Por exemplo, en Bangladesh, país onde tres de cada cinco mulleres traballan no sector téxtil.

10 € ou 14 € mensuais –nin sequera os 162,5 takkas (24 €) que fixou o Goberno– e até 18 horas, sen contrato, traballando para subsistir. ■



Parir a liberdade: O movemento feminista en Galicia

Elvira Fente é a autora do libro *Parir a liberdade: O movemento feminista en Galicia*, publicado pola editorial Alvarellos, que saíu á luz en setembro de 2010.

Tres partes: Aproximación histórica do movemento feminista en Galicia, Eixes temáticos da loita feminista e Entrevistas a unha dúzida de mulleres sinaladas desta loita. Conclusións, cronoloxía e bases documentais. 419 páxinas nas que a autora, xornalista, contribúe á historia do feminismo galego desde 1975 até hoxe.

Sitio terá un comentario máis demorado do libro nesta revista. Parabéns polo traballo! ■

«Con A de Astrónomas»

A primeira edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da Universidade de Santiago outorgou os primeiros premios a Josefina Ling na modalidade de docencia, por «Con A de Astrónomas», e a Luisa Muñoz Abeledo na modalidade de investigación, por *Muller, traballo e niveis de benestar na costa de Galicia. Unha ollada ao século XX*, dotados con 1500 euros cada un.

Os segundo e terceiro premio de docencia recaeron en Carmen Franco Vázquez, por *Arte: Substantivo, feminino, plural*, e en *Novas estratexias de cooperación e innovación docente para a introdución da perspectiva de xénero na ciencia*

política de Marta Lois González, Isabel Diz Otero e Alba Alonso Álvarez.

No eido da investigación, o segundo e o terceiro premio foi para *Perfil da vítima de mobbing en Galicia. Especial atención ás diferenzas de xénero* de M.^a Ángeles López Cabarcos, Paula Vázquez e Carlos Montes e *A traxectoria profesional das mulleres da área de ciencias experimentais e de tecnoloxía: Análise das súas expectativas, valores e roles de xénero* da que son responsables Ana M.^a Porto, Cristina Abeal, Felicidad Barreiro, José Cajide, Milagros Couto, M.^a del Carmen Gutiérrez, M.^a Josefa Mosteiro e Elisa Zamora. ■



O reitor xunto coas premiadas desta primeira edición do galardón



Mulleres así fan moita falta: María Victoria Gómez. Ex monxa que estivo sesenta anos nun convento de clausura, atreveuse a presentar unha denuncia ante o pai de Roma contra Rouco Varela, García Gascó –arcebispo emérito de Valencia– e Fernando Sebastián –arcebispo de Pamplona– por violación do dereito canónico, omisión de deberes pastorais, coaccións e consentimento de denuncias calumniosas en medios católicos.

Entregoulle a denuncia a Renzo Fratini o nuncio apostólico do papa.

Pode verse o interesante artigo de José Luis Barbería «La vara del cardenal», de 04/07/2010, sobre os manexos da Igrexa para marxinar os teólogos non afectos ao integrista religioso.

http://www.elpais.com/articulo/reportajes/vara/cardenal/elpepusocdmg/20100704elpdmgprep_4/Tes ■

Los Naranjos

O 21 de outubro foi o 30 aniversario do peche da clínica Los Naranjos de Sevilla, un centro de planeamento familiar que abriu as súas portas en xaneiro de 1980, no nº 29 da rúa Mateos Gago. Aquel día irrompeu a Policía, detivo o persoal e requisou os arquivos.

423 mulleres acudiran ao longo daquel ano a abortar alí en práctica clandestina, pois o aborto era delito. Procesados e condenados –un ano de cárcere e seis de inhabilitación os membros do equipo– tiveron que agardar ao ano 1992 a quedar libres polo indulto que lles concedeu o Goberno.

O centro Los Naranjos forma parte das nosas vidas. Para unhas, porque alí foron resolver o drama dun embarazo non desexado, para outras, porque na loita a prol do aborto libre autoinculpámonos confesándonos responsables de abortos nunha campaña colectiva na que xuntamos máis de 26.000 sinaturas.

No 30 aniversario daquel atentado ao dereito ao aborto, José Ángel Lozoya, responsable do centro entón, declaraba que a lei de aborto aprobada no 2010 chega con trinta anos de atraso.

E aínda así, o PP tena recorrida nese T. Constitucional ao que leva sempre todo o que non gaña por votos no Parlamento. ■

«Resulta imprescindible para que a nosa lingua viva e medre con futuro. Apoiar os medios en galego é axudarnos a nós mesmos e o que somos. Resulta cínico e irreal esperar que anos de intervención do mercado a favor do castelán vaian corrrixirse sós. Alguén ten que facelo e ten que facelo agora.

Ningunha administración pública deste país pode declararse allea ou ausente cando pechan un tras doutro os xa poucos medios que apostaban pola nosa lingua. Ningunha administración pública pode dicir, sen faltar á verdade, que fixo todo o que podía facer, ou que non hai recursos porque estamos en crise. Demandamos do goberno que poña a vontade política e os recursos que non dubida en poñer para axudar outros sectores ou medios que non o precisan tanto. Demandamos das administracións públicas que tomen a decisión de axudar os medios en galego porque é xusto, porque o merecen e porque se lles debe».

<http://www.osmediosengalegoimportan.com/> ■

Borriquita de Belém

Un local carismático da noite compostelá, a Borriquita de Belém, celebrou este ano o seu vinte e cinco aniversario, cunha muller ao fronte, Ángeles García Porto, Angie. Este local de jazz, frecuentado por moita xente da música, é un dos lugares onde se pode gozar de excelentes concertos en directo das moitas variantes do jazz e do flamenco, rematando habitualmente en jam. Angie forma parte activa, dende os seus comezos, da Asociación Cultural Cidade Vella, que tantos e tan bos concertos ten programado no casco histórico de Compostela. Excelente anfitrión, brindounos xenerosamente a Borri na celebración do cuarto de século desta publicación. Parabéns, amiga Angie e colaboradoras/es, por eses vinte e cinco anos e por ese labor no eido da música!

(Para consultar a programación de Borriquita de Belém: <http://borriquitadebelem.blogspot.com/>) ■



denuncias e comentarios

«A medio millón de euros por hora»

Nada menos que 4 millóns por 8 horas. Un programa de luxo, unha vida rutilante, un dispendio. Esta velocidade dineraria é a que vén gastar o papa dos católicos do erario público. Unha vergoña.

Non estabamos en crise? Non había que se apertar o cinto e economizar? Non era tempo para a austeridade. Como é que a Xunta, que non tiña cartos para necesidades educativas, sociais, políticas, sanitarias..., pode dispendiar nada menos que 4.000.000 de euros na visita dun xefe de Estado –e o Estado máis antidemocrático do planeta–? Terán que dar explicacións disto.

Ademais, non viviamos nun Estado laico? Como é que Compostela, da man do seu alcalde e dos gobernantes da Xunta, vaise converter nun recinto relixioso onde a cidadanía non poderá facer a súa vida normal nin circular por onde lle pete nin... Estannos regresando a Franquilandia??

BENEDICTO XVI, POR MIN NON VEÑAS ■

A Esperanza Aguirre, belicosa dirixente neoliberal, populista e carente de pudor e de vergoña, os liberados sindicais parécenlle excesivos e ocúpase en recortalos canto pode. Os seus cargos de confianza, non. Nomeou **1.521 en sete anos**, segundo informaba *La República* (larepublica.es).

Atención..., a dereita é moi poderosa creando opinión con populismos, con mentiras, con medias verdades, con demagoxias.

Tamén Dolores de Cospedal pide austeridade e que nos apertemos o cinto e mesmo se laiou o venres 21 de outubro como membro «da clase media que sufrimos os recortes do Goberno», mentres o seu salarizado, entre cartos do Senado (69.310 €), trienios do Ministerio de Xustiza (tres mil e algo €) e os emolumentos polo seu cargo no Partido Popular (167.865 €) –que saberán e saberedes que tamén financiamos xente coma ti e coma min que aborrecemos das políticas do PP– xunta 241.480 €.


Unha pregunta parva: cal é a clase media de Dolores de Cospedal? ■

800.000 persoas traballan como empregadas do fogar en España, segundo o Instituto Nacional de Estatística.

Destas, 280.000 están dadas de alta na Seguridade Social. O resto, ampla maioría, nada menos que 520.000, o 65%, está na economía somerxida.

En 2006 o presidente do Goberno anunciou que reformaría isto e que integraría estas traballadoras no Réxime Xeral reformando o Réxime Especial de Empregadas do Fogar.

Leves retoques aquí e alí na Reforma Laboral, pero de cumprir o prometido neste caso, nada de nada. ■



NADA NOS INTERESA
MÁIS QUE O GALEGO.
NIGUÉN NOS INTERESA
MÁIS CA TI

ASÓCIA-TE

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
Campo do Cruceiro do Gaio, 7 - 1º - 15705 Santiago de Compostela - Telf 981 56 38 85 / www.amesanl.org

Nome:

Apelidos:

Enderezo

C.P.:

Localidade:

Telf

Cuota anual:

30,05 euros.

12,02 euros. Estudantes e parados

Caixa/Banco Sucursal DC

c/c lo libreta de aforro

Nome da entidade:

Enderezo:

Queixas ao Defensor do Pobo

A asociación Clásica e Moderna para a igualdade de xénero na cultura (CeM), a Asociación de Mulleres Cineastas e de Medios Audiovisuais (CIMA) e a Asociación de Mulleres nas Artes Visuais (MAV) presentaron conxuntamente unha queixa ao Defensor do Pobo e solicitaron unha investigación ante a falta de aplicación real e extensiva da Lei Orgánica para a Igualdade Efectiva de Homes e Mulleres nos ámbitos da creación e a produción artística e intelectual das mulleres, contidos que inciden directamente no compromiso das asociacións denuncianteas.


As tres asociacións consideran que a devandita lei se cumpre de forma insuficiente e irregular no ámbito cultural e artístico, como o poñen de manifesto algúns datos que expomos a continuación.

Reais Academias

As Reais Academias (Española, de Historia, de Belas Artes de San Fernando, de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais, de Ciencias Morais e Políticas, de Medicina, de Farmacia, de Xurisprudencia e Lexislación) están compostas por homes nunha proporción que oscila entre o 86,4 % (Farmacia) e o 100 % (Xurisprudencia). A Lei de Igualdade apenas tivo incidencia neste ámbito, xa que, dos 38 novos académicos/as electos entre 2007 e 2010 (polo tanto, despois da aprobación da lei) nas distintas academias, só 5 son mulleres, é dicir, un 13,2 %.

Premios nacionais

Dos galardoados con Premios Nacionais (tomamos en conta 23 modalidades dos mesmos, excluindo soamente os que se conceden a persoas xurídicas con preferencia a persoas físicas) entre 2004 e 2007, 64 foron homes e 9 mulleres (88 % versus 12 %). Despois da Lei de Igualdade, nos anos 2008 e 2009, a proporción variou só lixeiramente: 10 mulleres, 37 homes (21 %



fronte a 79 %). A presenza feminina nos Premios Nacionais foi practicamente a mesma baixo todos os gobernos da democracia: se na época de UCD (1978-1981) foron mulleres o 21 % dos premiados, entre 2004 e 2009, gobernando o PSOE esta proporción foi do 20 %.

Artes escénicas e música

Coa única excepción do Ballet Nacional de España, todas as direccións artísticas dos centros que compoñen o INAEM (Instituto Nacional das Artes Escénicas e a Música), a saber, Auditorio Nacional, Centro de Documentación de Música e Danza, Centro de Documentación Teatral, Centro de Tecnoloxía do Espectáculo, Centro Dramático Nacional, Centro para a Difusión da Música Contemporánea, Compañía Nacional de Danza, Compañía Nacional de Teatro Clásico, Xove Orquestra Nacional de España, Museo Nacional do Teatro, Orquestra e Coro Nacional de España e Teatro da Zarzuela, están e estiveron desde o comezo en mans de homes.

Artes plásticas

Nos padroados de museos e centros de arte contemporánea a presenza de mulleres é ínfima. MNCARS de Madrid: 5 mulleres dun total de 21; MARCO de Vigo: 7 de 16; IVAM de Valencia: 3 de 13; Patio Herreriano de Valladolid: 3 de 11 (datos de 2009). Así como a masculinización na dirección de museos e centros de arte, véxase por exemplo, en Madrid, de 20 museos, só 1 estaba dirixido por unha muller (maio de 2010).

Dos/as 12 artistas seleccionados/as para o pavillón español da Bienal de Venecia nas súas últimas seis edicións (1999-2009), 10 foron homes e 2 mulleres. Das 43 exposicións individuais organizadas entre 2002 e 2005 pola SEACEX, Sociedade Estatal para a Acción Cultural Exterior, só dous (5 %) levaron sinatura feminina. Das 21 exposicións individuais organizadas ou patrocinadas pola SEACEX en 2007 e 2008, tan só tres (14,3 %) estiveron dedicadas a artistas mulleres. E tampouco se colecciona a súa obra para que forme parte do patrimonio español: en 2009, as obras de artistas mulleres adquiridas polo Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía só representou o 7,4 %.

Cine

Nos últimos dez anos en España só un 7 % das películas que se fixeron foron dirixidas por unha muller. As guionistas non representan máis alá do 15 % da industria e as produtoras roldan o 20 %.

Mentres que nos anos que levamos da actual década se incrementaron máis que notablemente a presenza de novos realizadores con relación ás dúas décadas pasadas, pola contra, a aparición de novas realizadoras non só non aumentou comparativamente en número ás novas directoras que debutaron na década dos noventa (17,08 %), senón que decreceu (10,4 %). A maioría das mulleres que se incorporaron como directoras nos anos oitenta (grazas ao decreto Miró) non lograron facer en vinte anos máis que 1 película.

Porén, fai xa varios decenios que as mulleres son maioría nas carreiras humanísticas e artísticas. Xa en 1950 a proporción feminina entre os estudan-

tes de Filosofía e Letras en España roldaba o 70 %. Entre os que se licenciaron entre 1982 e 1990 en Belas Artes eran mulleres o 56,9 %; en Filoloxía, o 72,8 %; en Filosofía e Letras, o 65,2 %; en Xeografía e Historia, o 61,1 %... Existe pois unha xeración de mulleres que pola súa formación e pola súa idade debería estar hoxe recibindo un recoñecemento equiparable ao dos seus compañeiros homes, nunha proporción polo menos similar.

Preguntas ao Defensor do Pobo

Ante estes datos, representantes das tres asociacións propoñen ao Defensor do Pobo as seguintes preguntas:

Por que non se aplica o artigo 26 da lei no que fai á paridade nos órganos consultivos e de decisión do ámbito cultural e artístico: padroados, reais academias, xurados de premios nacionais, concursos, así como na oferta artística e cultural sufragada con fondos públicos?

Que accións se están desenvolvendo para garantir a igualdade no devandito ámbito, con que proxecto e con que prazos de aplicación?

Se os códigos de boas prácticas que rexen nas direccións de museos, conservatorios, orquestras, centros dramáticos, premios, concursos, etc., inclúen a obriga de paridade, que áreas con persoal experto en sistemas de análise de xénero, ou que comisións de especialistas se crearon para o deseño e posta en marcha de axudas, subvencións, producións e programacións acordadas porén co propugnado na lei e para a avaliación sistemática da súa aplicación?

De que dotación orzamentaria dispoñen esas áreas?

Que incentivos fiscais se adoptan para as empresas privadas que asuman iniciativas tendentes a lograr a paridade? ■

En Madrid, a 16 de setembro de 2010

Para ampliar información:


Tel. 669 844 094



Representación galega da **Marcha Mundial das Mulleres no Congo**

Tres compañeiras da Marcha Mundial das Mulleres, Victoria Iglesias, Beatriz Tato e Tereixa Otero participaron como delegadas de Galiza na mobilización mundial da Terceira Acción Internacional da Marcha, que tivo lugar na RD do Congo, a mediados do mes de outubro, xunto a mil activistas de corenta países.

Nunha experiencia singular de diplomacia popular e de solidariedade internacional viaxaron ata a provincia de Kivu do Sur, no oriente da República Democrática do Congo, para denunciar os efectos dos conflitos armados na vida das mulleres en todo o planeta, a utilización do corpo das mulleres como arma de guerra e campo de batalla, como está a acontecer no Congo. Formaron un simbólico tribunal que acusou a gobernos, bancos e poderosas empresas de manter as guerras por interese económico, co grave prexuízo que isto supón para as mulleres. Poucos días antes fixérase público o informe da Comisión de Investigación de Nacións Unidas sobre os crimes cometidos na zona como continuación do xenocidio ruandés e a chegada de milicias e refuxiados hutus, perseguidos polo exército de maioría tutsi.



As nosas compañeiras galegas portaron na manifestación un vestido feito con pezas das agrupacións locais galegas da MMM, denominado *a marchanta*

O 16 de outubro, unha caravana de ao redor de mil persoas en cen autos dirixiuse ao lugar de Mwenga, a 130 km de Bukavu (a capital da provincia). Foi alí onde, en 1999, durante a guerra, trece mulleres acusadas de bruxaría e de dar apoio as milicias Mai-Mai foron humilladas, torturadas, violadas, somerxidas en auga con sal e cemento antes de ser sepultadas vivas. A MMM decidiu ir alí para un momento de recolleemento como expresión de solidariedade coa comunidade e para dicir:

nunca máis! Coa presenza dunhas tres mil persoas da comunidade e de autoridades nacionais, provinciais e locais, inauguraron un memorial ás mulleres mártires de guerra e colocouse unha pedra como fundamento da construción e próxima inauguración dunha casa de atención polivalente para as mulleres.

O domingo, 17 de outubro, miles de mulleres chegadas de América, Europa e case toda África reuníronse en Bukavu. As congoleesas acudiron de todos os cantos do país. Xuntas depositaron flores nun modesto memorial creado polas refuxiadas da guerra e atravesaron a cidade cantando, berrando a súa solidariedade e reclamando xustiza e reparación. As nosas compañeiras galegas portaron na manifestación un vestido feito con pezas das agrupacións locais galegas da MMM, denominado *a marchanta*.

As delegadas da MMM, que animaron tres días de debates apaixonados, participaron tamén en actividades culturais, como exposicións, danza e teatro coa violencia e a pobreza como referentes. ■



Imaxes dos actos de Vigo da III Acción Internacional, o 17 de outubro, en solidariedade coas mulleres da República Democrática do Congo e doutros países en conflito

I Curso de verán sobre Novos Feminismos,

«A cuestión de xénero no século XXI: Teorías e prácticas heterodoxas»

ROCÍO FRAGA*

Os pasados 20 a 23 de setembro celebrouse na Coruña o I Curso de verán sobre Novos Feminismos, «A cuestión de xénero no século XXI: Teorías e prácticas heterodoxas». O curso levouno a cabo a Universidade da Coruña a través da Oficina de Igualdade e baixo a organización da Universidade Invisíbel e o colectivo Nomempisesofreghao.

A proposta xorde da percepción por parte da oficina do interese por producir un momento para a reflexión sobre análises, teorías e prácticas de xénero que se teñen difundido e consolidado ao longo dos últimos tres lustros e que presentan interesantes liñas de novas formulacións dos xeitos en que o xénero ten sido entendido durante a denominada *segunda onda* histórica do feminismo, é dicir, ao longo da segunda metade do século XX. Se ben ditas análises e prácticas teñen xa unha evidente relevancia en diversos países do noso contorno cultural e en certa medida tamén no contexto galego e español, a súa difusión no noso eido académico é mais ben escasa. Por iso, intúese o interese de organizar un curso no que se

* (aka rizlinha) do colectivo Nomepisesofreghao.



Un espazo de intercambio e coñecemento, tan necesario para o feminismo [...] para seguir a medrar como movemento, aprendendo da diferenza e crecendo coas similitudes que compartimos, sobre todo nos obxectivos, buscado e reforzando alianzas, aprendendo xuntas..

poda facer dialogar estas orientacións teóricas e prácticas. Asemade, a idea do curso vaise madurando mediante contactos entre a oficina e investigadoras e activistas de xénero, nun diálogo que se entende claramente produtivo. Alén do mais, a recente celebración das Xornadas Feministas de Granada (decembro, 2009), nas que estes debates tiveron un importante eco, crea unha ocasión axeitada para unha aproximación á materia.

Efectivamente o máis interesante deste curso, a parte de todas as achegas teóricas e prácticas que nel se expuxeron foi a materialización dun vínculo entre a universidade e o movemento social que na cidade ten o seu espazo nas rúas e nos centros sociais, algo que semella ser unha aposta principalmente da Universidade Invisíbel, ente que nace desa intención de conexión da realidade social coa Academia, invisíbel polo feito de servir de ponte sen buscar o protagonismo da acción, senón a circulación do coñecemento entre os escenarios académico e activista que ás veces semellan estar demasiado lonxe un do outro...

Tívoise en conta, polo tanto, na programación do curso, que en cada xornada tivesen presenza as achegas teórica e práctica. O curso abriuse coa palestra de Rosa Cobo enmarcando a orixe dos novos feminismos a partir dun percorrido pola fase tardía da segunda onda do feminismo. Elvira Burgos ilustrou para o estudantado asistente o pensamento de Butler e outras aproximacións postmodernas á teoría do xénero. Pechamos a xornada falando do traballo en rede que o movemento feminista galego estamos a poñer en práctica a través de diferentes accións de rúa, artísticas, tecnolóxicas...

O martes 21 a xornada comezou cunha aproximación á teoría postcolonial a cargo de Carmen Romero Bachiller. A continuación Beatriz Suárez Briones achegou ao auditorio, mediante referencias teóricas, ao concepto do *queer*, que deu paso ás prácticas que desde a mesa nos mostraron as activis-

tas de Transgaliza, SomosDeGenerando e Panteras Rosa de Portugal.

O mércores abordamos un dos debates máis duros do feminismo, cando Nanina Santos falou do traballo sexual. A continuación houbo que suplir a ausencia da representante de Territorio Doméstico facendo unha análise do sector dos coidados e da situación das empregadas de fogar, grazas ás achegas de Raquel Martínez Buján e Marta Casal, de acsur-Galiza, de novo traendo unha aproximación teórica e unha representación de loita nas rúas dunha das realidades máis estendidas na sociedade actual, onde as mulleres migrantes toman protagonismo na revolución que están creando arredor das cadeas globais de coidados.

Finalizamos o curso o xoves falando de violencia de xénero desde o punto de vista xurídico, coas achegas de Patricia Faraldo como investigadora e de Yolanda Ferreiro como avogada da asociación Esculca, ambas cunha perspectiva crítica ao sistema que revictimiza ás mulleres, unha vez máis, como noutras realidades tratadas durante o curso. O vídeo de *Precarias a la deriva* enmarcou a palestra final, impartida por Antón Fernández de Rota, da Universidade Invisíbel, ante a ausencia de Cristina Vega.

Foron moitos temas os abordados nas exposicións e nos debates que estas xeraron, unha primeira aposta pola colaboración a aproximación de teorías a praxe. Un espazo de intercambio e coñecemento, tan necesario para o feminismo, unha porta para a creación e mantemento de redes de colaboración para seguir a medrar como movemento, aprendendo da diferenza e crecendo coas similitudes que compartimos, sobre todo nos obxectivos, buscando e reforzando alianzas, aprendendo xuntas... Só foi a primeira edición dun proxecto que desde a Oficina de Igualdade, así como desde a Universidade Invisíbel e de colectivos como Nomepisesofreghao, ao que seguiremos dando continuidade con formatos variables, cursos, palestras, accións... Seguimos camiñando! ■

MULLERES NAS ONDAS

As representacións femininas na publicidade radiofónica

M.^a TERESA PIÑEIRO OTERO*

Dende os seus múltiples escaparates, a publicidade reclama a nosa atención presentándose como unha fábrica de soños dos que devecemos participar. As súas mensaxes amosan un mundo tan perfecto que, máis ca un ideal, pasa a converterse nunha realidade constrictora. Esta situación adquire especial relevancia no caso das imaxes femininas, ante o abuso que as mensaxes publicitarias fan delas como suxeitos ou obxectos.

Debido á particular selección de modelos de mulleres que reflicten as súas

mensaxes, a publicidade converteuse na auténtica dama de ferro medieval. Unha dama de ferro cuxa autoridade vai máis aló da tiranía da beleza física tratada por Naomi Wolf (1991), para instalarse no estrato das crenzas e do socialmente admitido. A publicidade categoriza as imaxes femininas segundo diferentes estereotipos que conforman a muller ideal; o socialmente esperado dela.


Deste xeito, as mulleres atópanse con esquemas culturais que propiciarán dende a etapa de socialización pri-

maria, unhas expectativas en función do seu xénero que determinarán tanto a súa posición dentro da sociedade como a conduta que se vai tomar respecto a ela.

Neste contexto cómpre destacar o tratamento que algunhas mensaxes publicitarias continúan a dar ás representacións de xénero, polas que se perpetúan representacións de claro contido


* Profesora na Universidade da Coruña.

Anuncios con voces femininas



■ Cunhas con voz feminina

Voz over feminina



En efecto, soamente o 4 % das cuñas analizadas contan cunha voz de muller no papel de voz over, unha porcentaxe que se incrementa de atender a aqueles anuncios con esta voz en alternancia (muller-home), e que supoñen un 2 % da mostra

sexista. Inclusive aquelas mensaxes publicitarias que se presentan como máis innovadoras, cunhas representacións de xénero menos convencionais, obedecen a estratexias para acadar os mesmos valores.

Parece que o uso destas imaxes femininas foi de gran valor para que os anunciantes conseguiran incrementar a súa cota de mercado e, con ela, as súas ganancias. Deste xeito, a muller pasa a ser moeda de cambio, obxecto de compravenda e mercadoría que toma parte da relación comercial. A publicidade convértese entón no *adaíl* feminino;

unha guía capaz de sinalarlle o camiño cara á perfecta ama de casa, educadora dos fillos e sedutora incansable. É, precisamente neste momento no que a publicidade extralimita a súa función económica para acomodarse no aspecto ideolóxico, dende onde ditaminará aquelas representacións vixentes en torno ao xénero feminino.

Neste senso, a publicidade vaise configurar como un dos axentes máis influíntes da sociedade contemporánea, o que a vai converter nun marco de referencia fundamental para a análise das representacións sociais de xénero.



As súas mensaxes supoñen un expoñente básico das concepcións e ideas que, sobre a identidade feminina e masculina, son consideradas socialmente válidas e se comportan como modelos a imitar.

A publicidade, deste xeito, vaise converter nun indicador das condicións de igualdade (ou desigualdade) social entre mulleres e homes nunha sociedade determinada. Xa que logo, a realidade que recrean os alumnos reflicte un reparto de papeis e un determinado axuste entre os roles sociais asumidos por mulleres e homes no mundo real, ao



tempo que transmiten a súa audiencia unha proposta determinada; un modelo a imitar. Porén, estes estereotipos cos que a publicidade resume a realidade que representa, gardan certa impermeabilidade respecto aos cambios acontecidos no ámbito social.

Ante este importante papel socializador que desenvolve a publicidade, nas últimas décadas foron numerosos os estudos que teñen focalizado o seu obxecto de interese nas representacións publicitarias de xénero. No entanto, estas investigacións non teñen dado un volume de análise equiparable.


O feito de que a publicidade abuse das imaxes femininas, xunto co alto grado de estereotipia que presentan, propiciou que se fixara nelas o obxecto de estudo. Investigacións que se basearon no feito de que as mulleres aínda teñen por definir a súa imaxe, autónoma e diferente da do varón, dende onde foron sempre contempladas (Areste, 2003).

Por outra banda, as investigacións levadas a cabo nas últimas catro décadas poñen de relevancia a hiperrepresentación do medio televisivo. Esta hiperrepresentación da televisión nos


estudos de xénero e publicidade podería levar á conclusión de que é o medio de comunicación cuxas mensaxes presentan uns estereotipos de xénero máis plausibles. Unhas representacións que adquieren maior proxección, dado o importante consumo do medio, e que sitúan a publicidade televisiva no punto de mira de consumidores, asociacións e entidades reguladoras.

Esta crecente preocupación polo uso de imaxes sexistas na televisión, reflíctese no importante número de denuncias efectuadas ante o Observatorio de la Imagen de las Mujeres, dependente

Denuncias Observatorio 2008



Penetración EGM 2010



Esta escasa presencia de voces femininas nesta voz superposta, soe vincularse á falla de autoridade da muller nos anuncios sonoros, debido a que habitualmente é considerada a representación da voz do anunciante

do Instituto de la Mujer. O medio televisivo foi obxecto do 42 % das denuncias sobre publicidade sexista durante o ano 2008, o que supuxo unha importante diferenza respecto ao seguinte medio en número de reclamacións (Internet cun 15 % das denuncias efectuadas).

De atender ao medio radiofónico no importante volume de traballos en torno ao xénero e comunicación, pode apreciarse a práctica ausencia de investigacións relativas á publicidade sonora. Unha situación que resulta un tanto desconcertante, sobre todo se se parte do feito de que a radio é o segundo medio con maior penetración (despois da televisión) e ocupa o cuarto posto en inversión publicitaria (precedido pola televisión, os xornais e a Internet).

Esta infrarrepresentación da radio nas investigacións desenvolvidas sobre a materia podería levar a pensar nun tratamento máis respectuoso do medio cara ás imaxes femininas; tratamento que se traduciría nun abano máis amplo que a clásica tricatgoría de anxo do fogar, muller obxecto e muller traballadora. Hipótese que semella confirmarse, de atender ao escaso número de denuncias do medio efectuadas ante o Observatorio de la Imagen de las Mujeres (5,6 %). Entre tanto, os escasos estudos levados a cabo no que respecta á utilización de estereotipos de xénero nas mensaxes sonoras, teñen sinalado que a radio conta cuns patróns de parcialidade similares aos da televisión.

Se a publicidade radiofónica utilízase para as súas mensaxes representacións parcializadas de xénero e, sen embargo, estas amosan un volume menor de denuncias ante o Observatorio respecto a outros medios menos consumidos, resulta de especial interese indagar o porqué da súa falla de percepción entre o público. Cuestión que supuxo o punto de partida dunha investigación coa que se afondou en torno ás representacións de xénero na publicidade radiofónica española.

Ante as dificultades de acoutar a mostra de estudo, dado que a propia

idoneidade da radio para a publicidade de proximidade se reflicte nun volume inxente de cuñas espaxadas por centos de emisoras locais, optouse por analizar aquelas pezas presentadas ao festival publicitario con sede en San Sebastián. Unha selección que reduce a mostra a unha publicidade moi concreta, e de maior calidade creativa que as mensaxes habituais do medio sonoro.

Xa dende o inicio do traballo, no proceso de tratamento de datos, resultou salientable a escasa presenza de voces femininas. Unha infrarrepresentación, se atendemos ás súas homólogas masculinas, que choca coa súa utilización nos medios de comunicación visuais.

Fronte ao abuso que as mensaxes televisivas ou a publicidade gráfica realizan das imaxes femininas, que exceden a súa participación como personaxes dentro do anuncio para converterse nuns obxectos máis da escenografía, a presenza das mulleres se inhibe na publicidade sonora. De feito, soamente o 41 % das cuñas analizadas contan con, ao menos, unha voz feminina.

Inclusive poderíase falar de invisibilización das mulleres, se atendemos a súa presenza nos papeis de voces *over*. Estas voces superpostas, que soen iniciar e/ou rematar os anuncios publicitarios, apenas mostran representación feminina.

En efecto, soamente o 4 % das cuñas analizadas contan cunha voz de muller no papel de voz *over*, unha porcentaxe que se incrementa de atender a aqueles anuncios con esta voz en alternancia (muller-home), e que supoñen un 2 % da mostra.

Esta escasa presenza de voces femininas nesta voz superposta, soe vincularse á falla de autoridade da muller nos anuncios sonoros, debido a que habitualmente é considerada a representación da voz do anunciante. Neste caso, e fronte ao que sucedía coa representación feminina na publicidade, a práctica ausencia das mulleres nas voces de autoridade é algo que se repite na publicidade audiovisual. Unha situación que



Se a publicidade radiofónica utiliza para as súas mensaxes representacións parciais de xénero, estas amosan un volume menor de denuncias ante o Observatorio respecto a outros medios menos consumidos, resulta de interese indagar o porqué...

O mellor exemplo deste estereotipo feminino é o da voz do teléfono erótico, que se repite en diversas cuñas da mostra de estudo

está baseada nunha serie de estereotipos de carácter vocal, polos que se vinculan ás voces femininas con irracionalidade e inseguridade, e as masculinas con fiabilidade e coherencia. Uns estereotipos que, sen contar cunha base científica (Courtney e Whipple, 1974), aínda hoxe condicionan os espazos onde mulleres e homes teñen dereito a tomar a palabra nos medios de comunicación.

No que respecta aos estereotipos de xénero propiamente ditos, aqueles que identifican as personaxes femininas e masculinas cunha serie de atributos e condutas que permiten a clasificación en apartados practicamente estancos, é preciso sinalar como peculiaridade a súa esencia exclusivamente sonora.


Do mesmo xeito que os atributos visuais dos personaxes na publicidade gráfica e audiovisual describían o tipo de rol que desempregaban, a linguaxe vai configurar un dos elementos definitorios dos estereotipos na publicidade radiofónica. Por esta razón, volume, ton, timbre, prosodia, acento, vocabulario e rexistro dun determinado personaxe van dar máis información e importancia ao relato que os sons que recrean un escenario ou situación determinada.

Dentro deste ámbito auditivo, a radio traballa cunha combinación de códigos lingüísticos e sonoros capaz de captar e desenvolver as emocións e a imaxinación do oínte nun grao sen parangón. Non entanto, na procura de acadar unha imaxe unívoca nas mentes dos oíntes, o medio sonoro acode a realidades e situacións familiares. Unhas representacións que teñen o cometido de acadar a maior comprensión no menor espazo de tempo e que, polo tanto, van redundar nas imaxes de xénero máis coñecidas, algunhas delas cunha dose importante de sexismo.

As mensaxes publicitarias sonoras presentan un imaxinario feminino de corte moi tradicional, de importantes coincidencias coas clasificacións de estereotipos publicitarios femininos le-

dos a cabo nas últimas décadas. En efecto, nas cuñas radiofónicas analizadas, aparecen representados os dous arquetipos do eterno feminino: o anxo do fogar e a muller obxecto de contemplación e desexo pola súa beleza.

No que respecta ao arquetipo do anxo do fogar, na publicidade sonora pode atoparse unha representación desta *muller da súa casa*, que abrangue aqueles roles vinculados ao fogar como o de ama de casa, nai, esposa ou, inclusive, veciña. Esas representacións circunscribíense a uns espazos sonoros interiores ou domésticos, que poden estar caracterizados por sons familiares (o tintineo da louza, o ferver da frixideira) ou por propias alusións dos personaxes. Porén, a particularidade máis relevante deste estereotipo radiofónico e que, fronte ás mulleres *expertas* do fogar caracterizadas pola súa perfecta execución das tarefas domésticas, a representación radiofónica semella volver ás mulleres desbordadas polo traballo doméstico.



Por outra banda, o arquetipo da muller obxecto de contemplación, nos anuncios radiofónicos preséntase desde dúas perspectivas: a muller na procura da beleza e a muller obxecto de desexo. Dúas representacións que gardan unha base común cos estereotipos clásicos, pero que amosan características diferenciadoras.

A muller na procura da beleza consiste nunha representación cuxa obsesión por acadar obrigada aparencia estética, a transforma nun personaxe cunha avidez insaciable de perfección física. Unha representación que deixa certo lugar para a amargura, xa que logo non se trata da beleza propiamente dita con todo o seu *glamour* publicitario, senón dunha angustiada busca desta. Busca que, por outra parte, aliméntase das esperanzas que ofrecen os múltiples produtos e servizos de estética ofertados.

No que se refire á muller obxecto de desexo, a súa caracterización exclusivamente sonora convirte esta representa-

ción nunha voz suxestiva, que mesmo semella murmurarlle ao radiooínte. O mellor exemplo deste estereotipo feminino é o da voz do teléfono erótico, que se repite en diversas cuñas da mostra de estudo.

O terceiro piar no que poderíamos clasificar estas presentacións sonoras é o da muller traballadora. Este estereotipo, que se ten incorporado á publicidade tradicional para reflectir a presenza das mulleres no mercado laboral, vai abranguer unhas representacións moi particulares no caso da publicidade radiofónica. En efecto, a esencia sonora do medio, ten influído na construción dos personaxes de muller traballadora máis aló daqueles típicos vinculados á auxiliaridade, como a dependenta da tenda, a enfermeira ou á señora da limpeza. Estas representacións baséanse en postos laborais que, xa na vida cotiá, son esencialmente sonoros, como as telefonistas ou as locutoras de radio.

En definitiva, a publicidade radiofónica presenta un abano limitado de imaxes femininas que reflicten aínda unha imaxe tradicional e, inclusive, sexista dos roles desempregados polas mulleres. Así se pode observar na selección obxecto de estudo, na que os papeis asignados aos personaxes femininos correspóndense cos típicos asociados ao seu xénero, localizados en espazos habituais e que desenvolven interaccións catalogadas como tradicionais ou típicas. Neste senso son moi habituais os diálogos entre veciñas, nai-fillo, mulleres pelexando por unha prenda rebaixada, etc.

Non entanto, estas representacións contan con características específicas, moitas delas como froito da adaptación do estereotipo ao espazo sonoro, que afastan a estas imaxes da idealidade e perfección propias da publicidade: a ama de casa non é unha experta no fogar e a muller bela non o é tanto.

En conclusión, a escasa percepción que ten a audiencia dos estereotipos sexistas na publicidade radiofónica pode responderse atendendo a tres cuestións; a falla de visibilización do

medio, á infrarrepresentación das voces femininas nos anuncios, e a inclusión de características peculiares que ofrecen unha imaxe, en certo modo, disidente dos estereotipos tradicionais. ■

Referencias

- WOLF, N.: *El mito de la belleza*, Barcelona, Emecé, 1991.
- ARESTE: *Arrinconando estereotipos de género en los medios de comunicación y la publicidad*, Madrid, Dirección General de la Mujer, 2003.
- COURTNEY, A. E., e T. W. WHIPPLE: «Women in TV Commercials», *Journal of Communication*, 24 (1974), pp. 110-118.

As mensaxes publicitarias sonoras presentan un imaxinario feminino de corte moi tradicional, de importantes coincidencias coas clasificacións de estereotipos publicitarios femininos levados a cabo nas últimas décadas



...E agora as traballadoras do sexo

FELICIA ESTÉVEZ

O último fin de semana de outubro celebráronse en Madrid unhas xornadas de debate sobre prostitución organizadas por Hetaira¹ co título «...E agora as traballadoras do sexo».

O encontro arrincaba cunha proxección de diferentes audiovisuais que reflectían distintas experiencias das protagonistas: manifestacións reclamando os seus dereitos laborais; o documental tras as cámaras do filme *Princesas*, coas declaracións do seu director, Fernando León de Aranoa, quen manifestaba a súa aprendizaxe sobre o mundo da prostitución compartindo charlas coa xente de Hetaira; as palabras cheas de tenrura de Manu Chao, quen gañou un Goya pola composición *Me llaman calle* para a mesma película, premio que recolleu Margarita Carreras, traballadora

sexual e activista da loita polos dereitos das traballadoras do sexo. A través deste traballo gráfico deuse a coñecer parte do labor que Hetaira leva desenvolvendo no sector da prostitución nestes anos.

Houbo ao longo destes dous días debates moi interesantes:

Na mesa inaugural destas xornadas Cristina Garaizábal (cofundadora de Hetaira) e Marta González (Proxecto Esperanza) faláron da «Trata de seres humanos».

¹ Hetaira é un colectivo en defensa dos dereitos das prostitutas. O seu traballo pódese encontrar na súa páxina www.colectivohetaira.org.

Un dos asuntos que ultimamente ocupa as páxinas dos xornais, «A prostitución nas rúas», tamén estivo presente nunha das mesas da xornada do sábado

Cristina Garaizábal expuxo o baleiro que había ata decembro de 2008, data en que apareceu o Plan Integral contra a Trata de Seres Humanos con Fins de Explotación Sexual, anque deixou claras as deficiencias que presenta o mesmo: por un lado a falta de consideración cara aquelas persoas que exercen a prostitución de forma voluntaria e a ausencia de seguimento cara outros sectores nos que existe trata de persoas, como son a agricultura, os talleres de confección... Cristina insistiu na necesidade de diferenciar entre prostitución coaccionada (trata) e prostitución voluntaria para poder defender e garantir os seus dereitos.

Un dos asuntos que ultimamente ocupa as páxinas dos xornais, «A prostitución nas rúas», tamén estivo presente nunha das mesas da xornada do sábado.

Desde distintas perspectivas abordouse o tema de «A construción das cidades e a utilización dos espazos públicos». Foi un longo debate no que entrevi o profesor da Universidade de Valencia Francisco Torres, que falou da cidade como lugar de goce da cidadanía, aínda que desa cidadanía están ex-

cluídos aqueles grupos que se consideran «indeseixables», como prostitutas, esmoleiros, persoas drogadictas, etc. Completou esta visión a edil do Concello de Madrid por Izquierda Unida, Milagros Hernández, cunha pregunta retórica: «Recoñéceselles os dereitos de cidadanía ás traballadoras do sexo?» Dados os modelos de cidades que temos, a resposta é negativa e para ilustrala Ana Fábregas (Genera²) denunciou o acoso cara ás traballadoras do sexo tralas ordenanzas municipais do Concello de Barcelona. Nesta cidade traballa Margarita Carreras (traballadora do sexo), a quen multaron por «uso intensivo e indebido do espazo público» cando estaba fumando na porta do hotel no que tamén traballa de camareira.

Interesante foi tamén unha mesa redonda sobre «Os clientes da prostitución». Eses señores invisibles que pagan

² Genera é unha asociación sen ánimo de lucro que procura a redefinición dos roles sociais desde unha perspectiva de xénero partindo do contorno do traballo sexual (www.genera.org).



Non hai un perfil de cliente, aínda [...] que hai diferenza entre quen procura o servizo de luns a xoves e quen o fai nas fins de semana



Entrega de flores a Madame Rius

por ter relacións sexuais e aos que se lles fai responsables en moitas das campañas abolicionistas de ser cómplices da *trata*, tamén tiveron o seu lugar nestas xornadas. Tanto Paula Vip (*escort*) como Karolina Hernández (traballadora do sexo) deixaron en evidencia que os seus clientes son os nosos veciños, colegas de traballo, dentistas ou comerciantes. Non hai un perfil de cliente, aínda que se apuntaba desde a mesa que hai diferenza entre quen procura o servizo de luns a xoves e quen o fai nas fins de semana. A clientela de fins de semana son homes máis novos e relacionan sexo de pago co ocio e diversión.

Sobre a «Diversidade de situacións, dereitos laborais e xurisprudencia» presentounos o seu traballo Esther Haya, profesora de Dereito Penal da Universidade de Cádiz. A falta dunha normativa clara para o exercicio da prostitución, queda no ar a cuestión «Pode darse na prostitución unha relación laboral?». A profesora presentounos as contradicións entre o Estatuto dos Traballadores, o Código Penal e o Código Civil nesta materia.

Montserrat Neira, unha das traballadoras sexuais que participaron nas palestras falou dos recursos legais que tivo que utilizar para poder exercer a súa

profesión, dándose de alta na Seguridade Social, pagando en Facenda os seus impostos, etc.

Mesmo houbo unha testemuña masculina, Mario, un mozo informático que encontrou na prostitución un medio de vida no que se sente máis feliz que no seu convencional traballo anterior.

Na presentación desta conferencia, a moderadora, representante de Hetaira, quixo deixar claro que esta asociación defende o regulamento laboral das traballadoras do sexo, defende o recoñecemento dos seus dereitos como profesionais, pero que estas xustas reivindicacións están lonxe do que pide ANELA (Asociación Nacional de Empresarios de Locais de Alterne), que pretende unha regulamentación da prostitución en clubs, mais sen contratos laborais para as traballadoras, e a erradicación da prostitución libre.

Unha das protagonistas destas xornadas foi Madame Rius, señorita de setenta e dous anos e de moral *distraída*, que contrastou a súa experiencia na época franquista³ cando ela traballaba en distintas «casas de tolerancia», coa situación actual. Contaba que naquela sociedade de dobre moral se xustificaba a prostitución como un mal menor, xa que para unha muller casada era prefe-

rible que o seu home fose tomar unhas copas cunhas «señoritas de moral distraída» a que tomase unha botella enteira cunha compañeira de traballo.

Na figura de Lidia Rius, Hetaira quixo homenaxear todas aquelas mulleres que foron represaliadas durante o franquismo por exercer a prostitución.

O interese de xornadas deste tipo está en que o polémico tema da prostitución sae a debate desde distintas perspectivas, as protagonistas falan en voz propia e desde as butacas enténdese moi ben que todas as que somos señoras somos ou podemos ser prostitutas. Non hai ningún perfil propio para muller-prostituta, si hai moitos estereotipos e prexuízos que nos enmarcan, que nos definen ou que nos separan. Nesta reivindicación estamos xuntas defendendo os dereitos laborais das traballadoras do sexo. ■

³ No ano 1942 creouse o Patronato de Protección á Muller que procuraba redimir as prostitutas educándoas segundo a moral católica. Durante a época franquista a prostitución foi *tolerada* ata o ano 1956, a partir desta data as prostitutas eran perseguidas, rapadas, e mesmo encarceradas nas Prisións Especiais para Mulleres Caídas, centros de reclusión creados en 1941.



I Encontro de **Xornalistas Galegas** e

III Encontro Estatal de **Xornalistas con Visión de Xénero**

ÁUREA SÁNCHEZ

«Esta é unha profesión preguiceira para falar de si mesma», dixo Xulia Campo, presidenta da Agrupación de Mulleres Xornalistas da APSC, na inauguración do encontro e engadiu: «Escoitamos a outros colectivos, pero non o facemos con nós mesmas. Entre

nosoutas hai diferentes experiencias para compartir e o ideal sería que de aquí saíse un compromiso para introducir un cambio nos medios de comunicación».

De feito, nas conclusións aprobouse trasladar ás institucións a necesidade de

A formación é necesaria para ás xornalistas en aspectos de leis vixentes como igualdade e conciliación. Para acadala marcouse como obxectivo crear unha rede de xornalistas na comunidade galega e un grupo virtual de comunicación

[...] hai grupos de xornalistas que se acercan a asociacións de mulleres migrantes coas que analizan os estereotipos de xénero [...]

formar en visión de xénero ós/ás profesionais do xornalismo e mesmo ós/ás futuros/as profesionais durante a formación universitaria. Da formación falouse en varias ocasións ó longo da xornada, e algunhas intervintes recordaron que os encontros se desenvolvían na Facultade de Ciencias de Comunicación da Universidade de Santiago.

A formación é necesaria para ás xornalistas en aspectos de leis vixentes como igualdade e conciliación. Para acadala marcouse como obxectivo crear unha rede de xornalistas na comunidade galega e un grupo virtual de comunicación.

A Agrupación de Mulleres Xornalistas, pertencente á Asociación de Periodistas de Santiago (APSC), foi a organizadora deste I Encontro no que a experta en comunicación e xénero Isabel Menéndez ofreceu unha conferencia marco. Na súa disertación Menéndez fixo referencia a un estudo sobre a violencia de xénero na prensa do País Vasco. Tamén abordou os valores que atopamos nos medios de comunicación, os postos de mando e a presenza de mulleres e homes neles. Referiuse

máis adiante ó tratamento en xeral que recibe a muller nas noticias, para confirmar que as mulleres aparecen sen nome, cun rol subordinado, cun tratamento coloquial e co énfase no aspecto físico, na meirande parte das ocasións. Isabel Menéndez vai ler estes días a súa tese en comunicación e xénero dirixida pola filósofa Amelia Valcárcel.

Na mesa redonda sobre «Empoderamento das mulleres nos medios galegos» ofrecéronse os puntos de vista de cinco comunicadoras: Rosa Vilas, directora da Televisión de Galicia; Rosa Martínez, directora da Radio Galega; Rita Penedo, delegada de Europa Press; Abeta Chas, delegada do diario *Expansión*; e Rebeca Munín, directora do grauíto *Santiagosiete*.

As directoras máis novas ratificaron que a discriminación por razón de sexo é unha cuestión habitual na profesión xornalística, mentres as máis expertas, como Rosa Martínez, expuxeron que as profesionais negan que non dean unha perspectiva de xénero nas informacións ó tempo que os homes xornalistas se avergoñan cando se lles advirte que non o fixeron dese modo.



Agrupación de Mulleres Xornalistas da APSC

Ás asistentes ó III Encontro Estatal da Rede Internacional de Mulleres Xornalistas e Comunicadoras e da Rede Internacional de Periodistas con Visión de Xénero acordaron en Santiago, amais de repasar o momento no que está a petición de retirar da prensa os anuncios de prostitución, aumentar a súa influencia nos medios de comunicación xeneralistas e alternativos e crear medios propios de comunicación como La Independent, unha axencia catalá de noticias con visión de xénero, que xa se pode ver na rede e *Pikaramagazine*, revista dixital feminista do País Vasco, que se poderá ver nas próximas semanas.

Aprobouse incrementar a presenza das xornalistas con visión de xénero nas redes sociais para facer visible o xornalismo con perspectiva de xénero, reivindicar o feminismo e utilizalo como ferramenta de análise por «xustiza social».

Aseguraron as congresistas como June Fernández, Tona Gusi e Lucía Martínez Odriozola que sen unha perspectiva de xénero é imposible facer unha radiografía verdadeira do que ocorre na sociedade.

Neste senso aprobouse atraer ós compañeiros da profesión convencéndoo de que a perspectiva de xénero é un punto de vista de análise aportado polo feminismo e que este punto de vista compromete tanto a mulleres como a homes.

Recoñeceranse as boas prácticas do xornalismo con visión de xénero e considerárase fundamental a formación tanto nas universidades como nas empresas, así como nas administracións.

As redes estatais con visión de xénero están abordando nos seus núcleos a precariedade laboral; hai grupos de xornalistas que se acercan a asociacións de mulleres migrantes coas que analizan os estereotipos de xénero ó tempo que as consultan como fontes de información.

Reafirmouse o consenso na reunión celebrada en Santiago de Compostela o pasado día 25 de setembro sobre o compromiso das xornalistas con visión de xénero na loita contra os anuncios de prostitución e a denuncia da trata de persoas. Neste senso abríronse novos debates sobre se a Lei de Estranxeiría alimenta a trata de brancas.

Tamén se acordou que, dado que nas redes internacionais se dan distintas ideoloxías, non se debatería se a prostitución debe regularse ou non.

Fíxose, finalmente, un chamamento para incrementar a corresponsabilidade entre homes e mulleres no exercicio da reprodución. Este chamamento vai dirixido especialmente ás empresas de comunicación, co encargo de que non vinculen conciliación a un tema que ten que resolver a muller xornalista, xa que lle prexudica na promoción profesional. ■



[...] aprobouse atraer ós compañeiros da profesión convencéndoo de que a perspectiva de xénero é un punto de vista de análise aportado polo feminismo e que este punto de vista compromete tanto a mulleres como a homes

As inmigradas míranse no espello da prensa española:

IOLANDA MARTÍNEZ SUÁREZ*

Ao longo da súa historia de máis de tres séculos, o feminismo enfrontouse a varias reflexións e debates. Na actualidade, o reto pasa por reparar na relación das mulleres coas culturas e, nomeadamente, a situación das mulleres nun contexto de migración, na medida en que estes poñen en relación varios sistemas culturais nun mesmo espazo.

As cifras do INE dan boa conta do crecemento e consolidación dos movementos migratorios cara a España (dende 1996 e sobre todo dende o 2002) e da feminización da migración. Segundo datos de 2010 do INE, en España residen 45 millóns de persoas, das que un 11,6 % son de orixe estranxeira. E as previsións apuntan a que en 2015 chegaremos aos 50 millóns de habitantes, con case 10 de inmigrantes. A metade aproximada dos fluxos migrato-

rios están compostos por mulleres, o que dá pé a falar de feminización da inmigración.

Na actualidade, hai toda unha serie de factores que nos empurran a espreitar a multiculturalidade dende unha perspectiva feminista: refírome á feminización da pobreza co aumento de mulleres pobres e o empeoramento da súa situación; a sobrecarga da identidade cultural que pesa sobre as mulleres, e que se agrava en tempo de cambios, etc.

A perspectiva feminista na que me inscribo –a senda non transitada da ilustración– baséase en dous conceptos –o estudo e crítica da situación de hetero-

* Licenciada en Xornalismo e doutora en Filosofía.

designación á que se ven sometidas ás mulleres e a análise da división dos espazos (público e privado) e a súa asignación correlativa ao xénero-. Para comprobar a presenza das mulleres na esfera pública nun contexto de diversidade cultural, analicei a representación das migradas nos medios de comunicación, un dos principais escenarios do espazo público e unha das plataformas de negociación das identidades colectivas e de creación de opinión pública máis importante.

Logo de analizar unha mostra representativa de prensa rexional cunha metodoloxía crítica e cualitativa, concluíu a invisibilidade das inmigradas nos medios e, polo tanto, a súa ausencia no espazo público. Ademais constatei a existencia dunha serie de estratexias de construción do estereotipo da inmigrada como unha muller dependente, vítima (de mafias, de compatriotas, etc.), pobre, inculta, exótica e sen capacidade de acción ou decisión propias, prexuízo que contribúe a reforzar o patriarcado

-teoría que se asenta na exclusión das mulleres do poder e da esfera política por extensión-.

As distintas cabeceiras tratan a inmigración dunha forma moi similar, pese ás particularidades cuantitativas e cualitativas que ten o fenómeno nas distintas comunidades. Existen particularidades, pero non grandes diferenzas. Todos os medios empregan as mesmas estratexias discursivas que constrúen o estereotipo das inmigradas -a xeneralización, a falta de nominalización e individualización, a vitimización, a exaltación dos trazos delituosos, a incidencia na falta de axencia, o ton paternalista e un amplo etc.- en maior ou menor grao.

Os medios de comunicación cumpren a función da construción das mulleres con mobilidade cultural como parte dun estereotipo caracterizado pola súa pasividade. As cámaras dos medios apuntan os seus flashes cara a mulleres veadas, cara a nais con criaturas pola rúa ou nas pateiras, mulleres acompañadas polos seus maridos/noivos, en definitiva cara ao perfil de mulleres tradicionais. Pola contra, silencian e invisibilizan a outros colectivos de inmigradas menos tradicionais.

Reflexións dunha autodesignación



Todos os medios empregan as mesmas estratexias discursivas que constrúen o estereotipo das inmigradas -a xeneralización, a falta de nominalización e individualización, a vitimización [...]-

Os xornais prestan especial atención ás temáticas relacionadas coa violencia co propósito de problematizar o fenómeno da inmigración, e construír as inmigradas como vítimas, responsables en última instancia da súa situación, na medida en que non *aproveitan* as ferramentas que a sociedade de destino pon ao seu alcance

Na prensa as inmigradas non teñen voz. A aparición das protagonistas da inmigración como fontes é anecdótica. A ausencia de voz remite ao estereotipo da espera: a que está aí, pero non participa. A que espera a que a rescaten dunha pateira, dun prostíbulo, da rúa, etc. A que espera a que lle dean papeis nun proceso de regulación. A que espera a que a salven. O paternalismo é a columna vertebral do esquema mediático que presenta a inmigración. O enfoque trafiquista é unha das modalidades de estratexia paternalista máis usadas en prensa. Nos medios o tratamento dos temas da prostitución e da violencia machista son paradigmáticos no que respecta ao emprego das estratexias de vitimismo e falta de axencia na construción das inmigradas.

Os xornais prestan especial atención ás temáticas relacionadas coa violencia co propósito de problematizar o fenómeno da inmigración, e construír as inmigradas como vítimas, responsables en última instancia da súa situación, na medida en que non *aproveitan* as ferramentas que a sociedade de destino pon ao seu alcance. Isto é especialmente obvio no caso da responsabilización das vítimas de violencia machista da súa *sorte* cando non denuncian ao agresor reincidente, así como tamén nas noticias, maioritariamente de carácter retrospectivo, nas que os corpos de Interior –fundamentalmente a Policía– aconsellan ás vítimas que denuncien ás mafias ou agresores, ofrecéndolles a cambio inmunidade temporal. As migradas en situación de prostitución teñen que posicionarse como vítimas de trata, denunciar para ser protexidas.

A continuación presento a análise dun caso paradigmático de vitimización e tradicionalización da inmigración feminina. Trátase dunha noticia titulada «El terror en casa: El descenso al infierno de Ismael y Jenny», (Salvador Enguix/Alzira, 2/05/04, 40, *La Vanguardia*). Na apertura de sección figura o *cintillo*: «Protagonista: Jennifer Lara, Víctima de violencia de sexo»,

(2/05/04, 37). *La Vanguardia* reservou para a edición deste feito un espazo amplo de 4/5 de páxina a catro columnas anchas (o que equivale a cinco columnas). O contexto desta información publicada en Sociedade é outra nova de violencia machista. Tanto na portada da sección («Protagonista: Jennifer Lara, vítima de violencia de sexo») como no pé de foto («Las víctimas. Jennifer Lara con sus hijos Keit, de 8 años, y María, de 5, que murieron en el incendio provocado por el padre de los niños») faise referencia explícita á condición de vítima da protagonista. Este feito está relacionado co tratamento a posteriori e de sucesos escollido dende a redacción. O autor da noticia non eleva á titulación o carácter activo e de autodefensa da protagonista, presentada mediante un alcume, *Jenny*, a antítese do tratamento de respecto. No corpo da noticia pode lerse como Jennifer denunciara ao maltratador, se sentenciara unha orde de afastamento e posteriormente denunciara á Policía que o agresor incumprira esa sentenza: «condenado... por un delito de maltrato hacia la víctima, incumplió la orden», «Jennifer llamó a la Policía, que conminó al agresor a alejarse, pero no notificó la infracción a los juzgados». A actuación da protagonista mostra unha gran dilixencia neste caso, sen embargo, unha lectura rápida (a máis habitual) dos titulares e o pé da fotografía non permite facerse esa impresión, senón unha ben diferente. Xa no final do corpo da noticia (a onde moi poucos/as lectores/as chegan) incídese de novo na axencia da protagonista: «el acoso verbal se incorporó al físico», «Jenny decidió entonces denunciar», «se separó», «pidió la custodia de los niños y se compró un piso», «ocho procesos, una sentencia por maltrato», «una orden de alejamiento». A exaltación da axencia das mulleres que sofren violencia machista é un bo exercicio discursivo. Sen embargo, este choca frontalmente coa exposición pormenorizada de detalles persoais e íntimos da outrora parella que pasan á actualidade informativa

por un crime de violencia machista. Enguix, o xornalista que asina a noticia, detense en todo tipo de detalles victimizantes, tales como a descripción da «salvación» do español que trouxo a súa amante de República Dominicana: «que la sacó de una realidad incierta para presentarle un mundo mejor». A frase anterior ten, no contexto dunha noticia de violencia machista na que se narra un suceso trágico, unha lectura –cando menos– sospeitosa de racismo. Racionalmente, dende a perspectiva

feminista, unha non pode imaxinarse que sexa mellor vivir en España sufrindo violencia machista que sen pasar por este trance en Latinoamérica. A narración pormenorizada da historia de amor entre os protagonistas ten, ademais dun claro obxecto sensacionalista, o efecto de reforzo dos estereotipos de xénero e da sobrerrepresentación das mulleres como vítimas. Frases como «fue un flechazo», «el amor ha acabado en tragedia» alimentan o mito do amor romántico ategado de celos que con-

La Vanguardia reservou para a edición deste feito un espazo amplo de 4/5 de páxina a catro columnas anchas (o que equivale a cinco columnas). O contexto desta información publicada en **Sociedade** é outra nova de violencia machista

A narración pormenorizada da historia de amor entre os protagonistas ten, ademais dun claro obxecto sensacionalista, o efecto de reforzo dos estereotipos de xénero e da sobrerrepresentación das mulleres como vítimas

El terror en casa

El descenso al infierno de Ismael y Jenny

“Lo suyo fue un flechazo”, recuerda una amiga de la víctima; catorce años después, el amor ha acabado en tragedia



LAS VÍCTIMAS. Jennifer Lara con sus hijos Keit, de 8 años, y María, de 5, que murieron en el incendio provocado por el padre de los niños

SALVADOR ENGUIX
Aliza

No existe una referencia temporal exacta. Pero los amigos íntimos, educadores, vecinos y Josefina, una dominicana que actuaba como su madre española, coinciden en señalar que a Jenny Lara, su excompañero comenzó a maltratarla después de tener su segundo hijo, Keit, de ocho años. “Pero estaba tan enamorada de él que aún fue capaz de engendrar a María”, la hija menor de la pareja, de sólo cinco años, afirma Mari Carmen Cerda. Casi el mismo tiempo que ha tardado la metamorfosis de Ismael de seductor a verdugo.

Ismael Pablo Rodríguez conoció a Jenny en la República Dominicana, en una tienda de ropa, hace ahora 14 años. El tenía entonces 36 años y ella 22. Jenny era madre soltera con un varón de 4 años, Ramón. Ahora, cumplidos los 18, sigue viviendo en su país, donde trabaja de técnico mecánico. Ismael también tenía un hijo de un primer matrimonio fracasado. “Lo suyo fue un flechazo; le abrió un mundo de ilusiones, le daba una oportunidad porque en nuestro país hay pocas”, recuerda Josefina. “Ella siempre decía –añade Mari Carmen– que cuando lo conocí le descubrí su atención, su delicadeza, sus buenas maneras y que era un hombre espléndido con el dinero.”

Aquellos viajes –también escapó algunas veces a Cuba– eran una forma de terapia para Ismael. Huía de su divorcio y deseaba aprovechar de la mejor manera posible su buena situación económica. Trabajaba en una empresa asturiana de montaje de clínicas dentales asociado con un amigo “y las cosas no le iban nada mal”. Unas cuantas conversaciones, unas cuantas salidas nocturnas, y Jenny quedó prendada por aquel hombre que ahora está detenido por haberla quemado viva junto a sus dos hijos pequeños rociando su vivienda con gasolina.

Ismael tardó un tiempo aún en traer a Jenny a España. Y aún hizo dos viajes más a la República Dominicana. En Asturias, el primer lugar de residencia de la pareja, todo fue sobre ruedas. “Vivían muy bien, Jenny se había dejado a su hijo en su país, y pronto ella quedó embarazada de su primer retoño con Ismael”. Se trata de Pablo, de doce años, quien, según Ricardo, educador de la Iglesia evangélica, “admiraba a su padre, vivía con él, y creemos que comenzaba a ser una nefasta influencia para el niño”.

Varios testimonios aseguran que Ismael comenzó a cambiar cuando perdió el negocio de las clínicas dentales. Sólo el afable carácter de Jenny, su exuberante belleza física y humana, su pasión por la buena cocina y su incansable atención hacia su compañero, amortiguaban la frustración de un hombre que emigró a Valencia para vender coches de ocasión. El nuevo empleo también duró poco y la pareja se trasladó a Alzira. Juana recuerda que fue Jenny quien le consiguió el trabajo a Ismael en la empresa de transportes Manó de Alzira, la más importante de la comarca. Ella trabajaba de limpiadora y, tras hablar con uno de los cuatro dueños –hermanos y muy respetados en esa localidad– accedieron a darle trabajo a su com-

pañero. “En esa casa entraba dinero, pero él nunca aceptó ser un conductor; comenzó a beber y a frecuentar malos ambientes”, apunta Mari Carmen.

Jenny tuvo a Keit, el segundo hijo de la pareja. Poco después del parto, Ismael perdió el trabajo. “Entonces comenzaron las agresiones”, afirma Josefina. Al principio, estas eran más verbales que físicas. Faltaba el dinero, Jenny se comía la espalda limpiando restaurantes, alquilando sus brazos para la recolección de la alcañalía o para fabricar mermeladas en esta zona donde la agricultura sigue siendo una potente industria. Tras el nacimiento de María, la pequeña, al año verbal se incorporó el físico.

Jenny decidió entonces denunciar a Ismael por primera vez, se separó, pidió la custodia de los niños y se compró un piso. Comenzaba una nueva vida. Ocho procesos, una sentencia por maltrato, una orden de alejamiento. “Nada de eso sirvió para impedir



El agresor Ismael R. G.

Los malos tratos empezaron después del nacimiento del segundo hijo de la pareja, hace ocho años

el desastre”, recuerda Josefina. Hace apenas veinte días Ismael la amenazó, por enésima vez, de muerte. Incluso el pasado jueves por la noche la volvió a acosar. Horas más tarde, en la madrugada del viernes, cumplía su amenaza. La quemó viva, también a sus dos hijos, según la versión policial. Aquel hombre espléndido y encantador que conoció 14 años atrás en la República Dominicana, que la sacó de una realidad incierta para presentarle un mundo mejor, se había convertido, años después, en su verdugo. “El les ha arrancado su oportunidad”, sentencia Josefina. Juana, su amiga, lo resume: “Ella pidió ayuda a la justicia y no se la dieron, pidió protección a la policía y no se la dieron... y la acabaron matando”.

La juez no sabía que se cumplió el alejamiento

La juez que instruye el caso de la muerte de Jennifer y sus dos hijos, que el viernes fue inculpada por vecinos de Alzira por no haber evitado la tragedia, desconoce que el agresor había incumplido la orden de alejamiento, informa Efe.

Ismael R. G., condenado el pasado diciembre por un delito de maltrato hacia la víctima, incumplió la orden de jaeves por la noche. Jennifer llamó a la policía, que

comminó al agresor a alejarse, pero no notificó la infracción a los juzgados hasta después de la tragedia. Ismael fue detenido el viernes acusado de haber regresado a la casa y haberle prendido fuego, lo que causó la muerte de Jennifer, Keit y María. La magistrada ordenó ayer el ingreso en prisión del detenido tras tomarse declaración. Esta tarde se celebrará en Alzira el funeral por las tres víctimas.

Además de este suceso, otros hechos relacionados con malos tratos

Detenido por maltratar a su esposa embarazada y a sus hijas en Montellano

SEVILLA. (Redacción y agencias.) – Efectivos de la Guardia Civil de Montellano (Sevilla) detuvieron ayer a un vecino de este municipio, de unos 40 años, como presunto autor de los malos tratos ocasionados a su esposa, que está embarazada, y a sus hijas.

La actuación de las autoridades se produjo cuando una de las hijas

del agresor acudió a las dependencias de la Guardia Civil para denunciar que su padre estaba pegándole a su madre y a sus hermanas. En el transcurso de la agresión, el detenido encerró a una de sus hijas y a la esposa en una de las habitaciones de la vivienda y les prohibió salir.

Además de este suceso, otros hechos relacionados con malos tratos

domésticos han ocurrido al comienzo de esta fin de semana. Así en Marchena fue detenida la Guardia Civil detuvo ayer a R. G. P., por golpear a su esposa e hijo, de pocos meses de edad.

La Guardia Civil de Sevilla también informó de que han sido detenidos otros cinco hombres acusados de malos tratos en el ámbito doméstico, mientras que a otro ciudadano

se le han instruido diligencias después de que su esposa lo denunciara porque se personeó en su casa para decirle que la iba a matar, en unión de sus hijos.

En Pílas fue detenido A. C. S. como presunto autor de un delito de malos tratos en el ámbito doméstico, mientras que en Marchena fue arrestado M. G. L. M. por un supuesto delito de quebrantamiento de condena, ya que regresó a su casa, cuando la juez se lo había prohibido, y pegó a su hermana.

En la Roda, también fue detenido otro hombre por quebrantamiento de condena y malos tratos.

También en Carmona, la Guardia Civil detuvo a E. H. G. por agredir con una navaja a su compañero sentimental, J. M. A. C. quien también ha sido arrestado por un supuesto delito de malos tratos, al verse envueltos en una discusión. El hombre, tras la agresión de su compañera, tuvo que ser trasladado a un hospital de Sevilla.

Otra de las actuaciones se realizó en Arzacóllar, donde la Guardia Civil detuvo a F. F. G. como presunto autor de un delito de malos tratos en el ámbito familiar al maltratar a su esposa, quien ha pedido medidas de protección.

As distintas cabeceiras tratan a inmigración dunha forma moi similar, pese ás particularidades cuantitativas e cualitativas que ten o fenómeno nas distintas comunidades



O caso que se debe someter a xuízo nunha noticia de violencia machista é o crime de carácter estrutural que tivo lugar e non se a vítima fixo ou non algo que puidese desencadear tal feito...

tribúe a naturalizar a violencia machista. As seguintes expresións chegan o cumio de tal estratexia: «su excompañero comenzo a maltratarla despois de tener a su segundo hijo», «estaba tan enamorada», «fue capaz de engendrar a María». Presentar o amor como un motivo de tolerancia da violencia machista contribúe á formación da poboación na idea equivocada e perniciosamente machista de que a violencia é connatural ao amor. Por outra banda, a descrición da protagonista responde aos estereotipos de xénero: «sólo el afable carácter de Jenny, su exuberante belleza física y humana, su pasión por la buena cocina y su incansable atención hacia su compañero, amortiguaban la frustración de un hombre...», «fue Jenny quien le consiguió el trabajo», «ella trabajaba de limpiadora», «tras hablar con [...] accedieron a darle trabajo a su compañero», «[ella] se rompía la espalda limpiando». Estamos perante unha caracterización que ben podería encaixar no molde de *ama de casa* perfecta: guapa, boa cocinheira, cariñosa, traballadora, limpadora, etc.; é dicir de muller tradicional. O efecto desta descrición é o reforzo da caracterización de muller tradicional e a súa asimilación á esfera privada no tocante ao xénero feminino en xeral. Pero ademais, e dado que a descrición se emprega

para referirse a unha muller presentada como inmigrada, esta caracterización reforza a asimilación de inmigración aos valores asignados a cada xénero pola tradición patriarcal. O que contribúe a abrir unha fenda entre as mulleres autóctonas e as alóctonas. Un tratamento mediático equilibrado sobre a violencia machista esixe que non se preste atención aos hábitos e costumes das vítimas, porque non engaden información pertinente e, pola contra, tenden a encadrar as mulleres en estereotipos de xénero e ofrecen á audiencia datos cos que xulgar o seu comportamento. O caso que se debe someter a xuízo nunha noticia de violencia machista é o crime de carácter estrutural que tivo lugar e non se a vítima fixo ou non algo que puidese desencadear tal feito, xa que a perspectiva é que a violencia é un acto sen xustificación posible. A violencia de xénero ten como causa principal a estrutura de discriminación e subordinación das mulleres aos homes, e tratamentos como o analizado contribúe á forxar unha tolerancia social á violencia machista, indesexable atendendo o carácter socializador dos medios e a súa función de formación dunha opinión pública crítica e responsable.

Nos parágrafos anteriores mostramos a heterodesignación que fan os

medios –e por influencia a opinión pública– das mulleres inmigradas e a súa construción como recluídas no espazo privado. A continuación, conscientes da pertinencia dun diálogo feminista intercultural, aproximámonos á perspectiva de recepción do discurso mediático por parte das aludidas.

A autodesignación que reclaman as migradas dista moito da heterodesignación que os medios fan delas. O 85% das inmigradas que enquisei sintense pouco ou moi pouco representadas na prensa. As principais críticas que fan as implicadas ao seu tratamento mediático son: a sobrerrepresentación de temáticas negativas (a violencia machista, o traballo sexual, o terrorismo, a violencia e a delincuencia, a chegada a España por mar, etc.); o uso de categorías que as constrúen como estereotipos tales como *vítimas*, *reagrupadas*, *tradicionais*, *explotadas*, *tratadas*, etc.; a súa afonía mediática, e o uso e abuso de variables como a situación administrativa, a nacionalidade de orixe ou a relixión, datos que as inmigradas prefiren omitir na súa presentación. Se as inmigradas redactasen as noticias que as implican empregarían categorías como *persoa*, *traballadora*, *muller*, *nai*, etc., termos pouco frecuentes no discurso sobre a inmigración.

O estereotipo da pasividade e a falta de axencia presente nos medios resta oportunidades ás migradas abrindo a fenda entre mulleres de diferentes orixes, nacionalidades, clases, etc., reforzando as diferenzas no canto de acurtalas, tarefa que persegue o feminismo. As estratexias de creación de distancia social e de exaltación dos trazos negativos dos outros e a dos positivos propios, típica do racismo discursivo, contribúen á creación do imaxinario simbólico excluínte.

O primeiro paso para un cambio social é o coñecemento da opresión e o descontento con esta. No caso das inmigradas e a súa heterorrepresentación e ausencia do espazo público mediático este feito xa ven dado. O seguinte paso é a reclamación da autodesignación

parella á constitución das inmigradas como suxeitos, tarefa que esixe unha colaboración dos medios, na medida en que son unha ferramenta fundamental de creación de identidades.

O silenciado das migradas lesiona a construción dun feminismo universal e tamén dun feminismo coherente no contexto galego no que nos situamos, na medida en que a voz é unha das ferramentas para a participación nun diálogo e para poder construírse nun sistema propio, máis alá da dobre heterodesignación patriarcal, tanto por parte da cultura de orixe como da occidental. A perspectiva crítica é a ferramenta máis valiosa coa que incidir no funcionamento das institucións que, como os medios, teñen mecanismos de autorregulación e control, e unha vocación de servizo público, dado que a información é un dereito universal.

A trazos xerais podó afirmarse que as mulleres inmigradas teñen unha actitude crítica, alimentada pola súa experiencia migratoria, que lles permite observar os medios con criterio e ser conscientes en boa medida dos efectos e a conformación das estratexias discursivas que estes empregan para xerar os estereotipos onde as pretenden pechar. Os estereotipos xerados e reforzados nos medios de comunicación seguen unha lóxica moi semellante ás identidades pechadas e as concepcións holísticas e estancas de culturas que manexa certa póla conservadora da teoría política multiculturalista. A perspectiva feminista crítica tanto a concepción inmovilista das culturas e as identidades como a conformación e mantemento dos estereotipos, na medida en que funcionan do mesmo xeito e responden a un mesmo esquema de pensamento intolerante e filopatriarcal.

Nesa medida, este artigo contribúe a visibilizar unha realidade pouco explorada no contexto español e galego, que ten unha gran relevancia política e social na actualidade, así como un oco preferente na axenda feminista. ■

A perspectiva feminista crítica tanto a concepción inmovilista das culturas e as identidades como a conformación e mantemento dos estereotipos, na medida en que funcionan do mesmo xeito [...]

Pilar Farjas, o Opus e o Partido
Popular de Núñez Feijoo:

Atrancar o dereito ao aborto e promover a RedMadre

ANA LUÍSA BOUZA SANTIAGO*

En xullo de 2010 entra en vigor a Lei Orgánica 2/2010 de Saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, malia estar recorrida polo Partido Popular ante o TC.

Supón un cambio da visión do dereito ao aborto no Estado Español na liña das demandas históricas do movemento feminista: somos as mulleres e non o persoal facultativo quen toma a decisión final sobre a nosa maternidade. O trunfo da denominada «autodeterminación consciente», que establece que

a intervención determinante doutro na decisión non ofrece mais garantías para o feto e limita innecesariamente a personalidade das mulleres. España adopta por fin unha regulación que combina prazos e supostos e contempla diferentes situacións que se poden producir alén das 14 semanas de prazo inicial.

* Voceira de Sanidade do BNG no Parlamento Galego.

Abórdanse, con diferente intensidade e compromiso, tres asuntos fundamentais ao redor dos IVE: a prevención dos embarazos non desexados a través de políticas educativas, as garantías de información, acceso á prestación sanitaria e protección da intimidade das mulleres e a confidencialidade e tamén o tratamento do dereito á obxección de conciencia do persoal sanitario involucrado. Cuestións todas que na súa aplicación práctica dependen de competencias –educación e sanidade– exclusivas das CC. AA., así que o cambio real que este cambio normativo produza sobre as vidas das mulleres dependerá dos gobernos autonómicos respectivos.

Nos dous hospitais públicos galegos que fan a intervención, realízanse tradicionalmente poucos IVE en relación coas tres clínicas privadas autorizadas oficialmente en Galiza. Isto sucede en parte porque os servizos de xinecoloxía dos primeiros non están preparados para atender esta demanda; nada se planifica pensando no número de mulleres que aborta cada ano en Galiza, ao redor de 2500 anuais nos últimos dez anos; nin se aprende na facultade a realizar abortos nin se consideran á hora de deseñar espazos e cadros de persoal nos centros públicos. En parte tamén, pola aplicación, eu diría desproporcionada, do dereito á obxección de conciencia. Cando a persoa que ostenta a xefatura de servizo se declara obxectora, e non facelo significa para o resto do servizo enfrontarse, até o persoal administrativo se declara obxector.

A nova lei establece o marco para un desenvolvemento posterior da normativa sobre ese tema, pero este marco

xeral é lei e pode ser aplicado: o dereito á obxección de conciencia exercerase sen que o acceso e a calidade asistencial resulten menoscabadas, é unha decisión individual do persoal directamente implicado na realización do IVE e non pode afectar á atención médica anterior ou posterior á intervención e finalmente debe ser manifestada anticipadamente e por escrito.

A realidade é que até o de agora non ten habido ningún cambio, ningunha nova instrución, na limitación do exercicio do dereito á obxección, tampouco previsións de cambio nos espazos nin no persoal asignado para atender este servizo na Sanidade pública galega.

Non hai ninguén, entre as persoas que apoiamos este novo marco normativo, que non teñamos in mente que o obxectivo é a redución do número de IVE, e que a educación afectivo sexual e de eliminación de condutas de risco en idades temperás debe ser a fórmula fundamental para acadalo. Pero na realidade galega actual, cun Goberno que reincorpora aos colexios do Opus que segregan por sexo ao financiamento público, que elimina recursos de formación do profesorado e de apoio a programas de educación transversal, cun Goberno que dedica os centros Quérote á educación vial eliminando os programas de promoción dunha sexualidade libre e responsábel, non parece que teñamos moitas perspectivas de que se cumpra en forma esta indicación da lei. Polo de agora, nin con motivo da entrada en vigor da lei orgánica nin na lei de orzamentos da Xunta para 2011 aparece ningunha partida, ningún programa de educación afectivo-sexual



Polo de agora, nin con motivo da entrada en vigor da lei orgánica nin na lei de orzamentos da Xunta para 2011 aparece ningunha partida, ningún programa de educación afectivo-sexual e de prevención de embarazos non desexados nin dende a Consellería de Educación nin dende Xuventude



Que poderíamos esperar dunha conselleira que ameazou con non acatar a venda sen receita da pílula postcoital?

Trátase de que como mínimo e en primeira instancia, nos convenios que a Sanidade pública establece cos centros privados para realizar esta intervención, se garanta que se cumpren todos os requisitos que marca a lei, sobre a cualificación do persoal [...]

e de prevención de embarazos non desexados nin dende a Consellería de Educación nin dende Xuventude.

E que dicir da información proporcionada pola Xunta? Deixaron de proporcionar estatísticas sobre os IVE en Galiza, aínda non temos os datos de 2009, a información que está obrigada a dar aparece nun recóndito lugar da web do SERGAS e límitase a transcribir os artigos literais da lei e un documento cos enderezos dos COF, non aparece información sobre o procedemento de solicitude da intervención concreto para o SERGAS. Sobre o que si aparece información profusa e completa é sobre RedMadre, non sobre os recursos que a Xunta proporciona para mulleres embarazadas, senón a propaganda dunha organización privada do grupo antiaborto, enlace directo á súa web que é subvencionada pola propia Xunta e a Deputación de Pontevedra. Tampouco se remitiron a profesionais de atención primaria instrucións específicas para informar ás mulleres nin se ten editado ningún folleto ou campaña. Parece que o obxectivo é cumprir os mínimos para evitar recursos e tentar que o tema pase o máis desapercibido posíbel.

Que poderíamos esperar dunha conselleira que ameazou con non acatar a venda sen receita da pílula postcoital?

Sobre os cambios a realizar na prestación, na intervención concreta, parece pronto para ver os resultados. Témo-me que vai ser difícil que a situación varíe nos hospitais públicos, coa súa situación de colapso actual, e parece que é unha prestación que claramente se vai privatizar. Trátase de que como mínimo e en primeira instancia, nos convenios que a Sanidade pública establece cos centros privados para realizar esta intervención, se garanta que se cumpren todos os requisitos que marca a lei, sobre a cualificación do persoal, a confidencialidade dos datos e o respecto á intimidade das mulleres, ao tempo que se facilita a tramitación e se eliminan os obstáculos administrativos que existiron até o de agora para que o exer-

cicio deste dereito non supoña un desembolso económico para as mulleres. Pero non deberíamos renunciar a que o lugar onde debe realizarse esta intervención sexa a Sanidade pública e por tanto debe avanzarse na formación do persoal facultativo e auxiliar, debe regularse a obxección de conciencia e deben planificarse espazos e persoal para asumir en centros públicos este servizo.

Nunha cuestión como o dereito ao aborto, o perfil ideolóxico dos gobernos, e das persoas concretas con responsabilidades en que se cumpra a lei é fundamental; tanto na administración como na xerencia dos hospitais, nas xefaturas dos servizos de xinecoloxía e do propio persoal facultativo ou auxiliar, sabemos que resulta doado obstaculizar, impedir, xustificar... evitar finalmente que as mulleres que o desexen exerzan o dereito a interromper o seu embarazo con todas as garantías, sen ter que dar explicación nin pedir perdón.

O resultado final tamén dependerá da capacidade que teñamos de resistir esa vaga de marcha atrás no discurso dos dereitos das mulleres que protagoniza o Partido Popular, pero que non sempre ten resposta adecuada dende a oposición, ese discurso de que os programas dirixidos ás mulleres son os primeiros prescindíbeis cando se trata de recortes orzamentarios.

Unha vez máis, o movemento de mulleres, as organizacións de defensa dos nosos dereitos, seguen a ser imprescindíbeis para evitar que a letra da lei quede só no papel. ■

VOLTA ATRÁS



Todo o que significaba tentar avanzar cara á igualdade de dereitos, desde cidadáns até laborais (por certo a brecha salarial segue a existir...), aínda que fose unha igualdade lenta e máis tardía do que moitas desexariamos, era un camiño cara a..., agora é un camiño de retroceso, de involución...

GUILLERMINA DOMÍNGUEZ TOURIÑO

Un paso atrás na igualdade, unha concesión máis á dereita, son as dúas opinións máis repetidas entre as persoas que se concentraron fronte ao Ministerio de Igualdade o día 21 de outubro; opinións que eu comparto, aínda que teña que asistir a elas co debido respecto.

Unha vez máis o tema das mulleres ten que quedar aprazado, como tantas e tantas veces ao longo da historia, cando parece que xa estamos encamiñadas a ter o que é noso por dereito propio, atráncase, fréase, por unhas ou outras razóns, aínda que eu pense que son as mesmas, desde que a historia é historia e as leis, leis, pasa o mesmo.

Cando as monxas abadesas do século XIII, comezaron a ter poder, o papa Bonifacio VIII, en 1293, fixou os estreitos perímetros da vida permitida ás mulleres dentro da Igrexa. Xustificou a súa decisión en resposta a condición detestable de certas monxas que afrouxaran os límites da decencia e deixaran de lado vergonzosamente o pudor da súa orde e do seu sexo e a Igrexa tiña que velar polos perigos que lles puidesen ocorrer. Así, decretou:

[...] que todas e cada unha das monxas, presentes e futuras, pertencen á orde que pertencen... deberán, a partir de agora, permanecer perpetuamente enclaustradas [...]. Permanecerán xuntas, afastadas do público e da vista mundana [...]

É obvio que non estamos no século XIII, que non nos van enclaustrar e que pode parecer unha esaxeración a miña comparación, mais foi un lapsus que me veu á memoria trala decepción que me produciu a desaparición deste tan deostado ministerio, que eu sempre coidei necesario, tal e como estaban e aínda están as cousas neste país.

Acaso temos xa erradicada a violencia machista? En absoluto, nin tan sequera a verbal, como se puido comprobar ás poucas horas de ser nomeada ministra, Leyre Pajín, catalogada polo alcalde popular de Valladolid, Javier León de la Riva, con claras intencións despectivas e sexistas.

Está erradicada a violencia física, nun ano que, antes de rematar, xa superou o número de mulleres asasinadas no 2009 por violencia machista?

Todo o que significaba tentar avanzar cara á igualdade de dereitos, desde

cidadáns até laborais (por certo a brecha salarial segue a existir...), aínda que fose unha igualdade lenta e máis tardía do que moitas desexariamos, era un camiño cara a..., agora é un camiño de retroceso, de involución...

Como imos seguir traballando na transversalidade, como imos incrementar a conciencia social respecto á magnitude deste fenómeno e a importancia que cobra a loita contra a violencia cara ás mulleres? Esta decisión pon de manifesto a escasa relevancia que se lle outorga por parte das institucións a este problema. Afirmábase isto e moito máis na manifestación de Madrid que podería terse repetido en todo o país..., pero tampouco.

Non se pode aludir ao recorte de gastos porque, realmente, este ministerio non era especialmente oneroso para os presupostos, xa se sabe que todo o que respecta ás mulleres, remata sendo *barato*. Somos moi boas administradoras.

Xusto no momento de crise que estamos a vivir, momento no que a violencia machista pode aflorar con maior forza, momento no que a educación é máis importante que nunca, a retirada deste ministerio, un ministerio que custou anos de *democracia* chegar a ter, que foi criticado desde o primeiro momento pola dereita máis recalcitrante só vén a demostrar que a súa creación era para a foto e no momento de *crise* a igualdade segue a ser *cousa de mulleres*.

Parafraseando a M.^a Xosé Agra naquela frase que hai uns anos nos deixou para reflexionar: as mulleres somos unha maioría tratada como a peor das minorías. É evidente que os colectivos máis desprestixiados pola nosa moderna sociedade, tamén se verán afectados pola desaparición do ministerio; así, desde a FELGTB recoñecíase que «é contraproducente eliminar un órgano destas características nun momento en que pola crise, fai falta maior protección para os colectivos máis vulnerables», ademais de que non se pode frear o traballo transversal que se estaba a levar a cabo en canto a dereitos das mulleres e

contra o machismo, lacra principal que ameaza a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

Resumindo, tócanos asistir, de novo, á reaparición da España máis reaccionaria e atávica, como cando no ano 1996, ao chegar ao poder a dereita desfixo o traballo do Centro de desenvolvemento curricular, centro que levaba doce anos traballando para equilibrar materiais e actitudes nos currículos educativos, ou tantos e tantos intentos de atrancar progresos que nos permitan vivir nunha sociedade máis xusta, respectuosa con tódalas diferenzas, que, non por selas, son mellores ou peores, son simplemente diferenzas.

Non podemos, nin debemos, esquecer que os insultos záfeos, misóxinos, despectivos, machistas... son parte intrínseca da dereita deste país e que non é a primeira vez que demostran que cando falan de *igualdade* é porque resulta rendible electoralmente ou porque é politicamente correcto, pero o señor alcalde de Valladolid, ademais xinecólogo, veuse traizoado polo inconsciente ou consciente (?). Na Galiza temos mostras máis que sobradas de desaparicións fulminantes de organismos e institucións que apoian sectores pouco apreciados pola sociedade ou que simplemente se deixaron morrer de inanición económica, entre outras. ■



Parafraseando a M.^a Xosé Agra naquela frase que hai uns anos nos deixou para reflexionar: as mulleres somos unha maioría tratada como a peor das minorías. É evidente que os colectivos máis desprestixiados pola nosa moderna sociedade, tamén se verán afectados pola desaparición do ministerio



A★

Con A de
Astrónomas

MULLERES MIRANDO AO CEO: Unha mostra para asombrarse

JOSEFINA F. LING en nome do grupo
«ELA É UNHA ASTRÓNOMA»

A exposición «Con A de Astrónomas» do grupo de traballo «Ela é unha Astrónoma» e comisariada por Josefina F. Ling vén de recibir o 1º premio na modalidade de docencia dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da Universidade de Santiago de Compostela, na súa primeira edición, fallados en setembro 2010

A mostra nos somerxe nunha dobre aventura, por un lado na ciencia da Astronomía, onde os protagonistas son planetas, cometas, etc.; e polo outro no cosmos das numerosas mulleres que se dedicaron a investigar neles

O último panel, ademais dos créditos, recolle un mosaico fotográfico formado por cento dezaseis mulleres españolas dedicadas a esta profesión («+ españolas»)

«Con A de Astrónomas» é unha das iniciativas levadas a cabo polo grupo de traballo «Ela é unha Astrónoma»,¹ un dos piares no que se sustentou o pasado Ano Internacional da Astronomía 2009, formado por profesionais dos campos da Astronomía, a Filosofía, a Historia e o Ensino, e con ampla capacidade e experiencia no desenvolvemento de proxectos de divulgación. A mostra nos somerxe nunha dobre aventura, por un lado na ciencia da Astronomía, onde os protagonistas son planetas, cometas, estrelas, galaxias, etc.; e polo outro no cosmos das numerosas mulleres que dedicaron os seus días e noites a investigar neles. Ademais permite ao visitante darse un paseo pola historia, polos observatorios e centros de investigación astronómica do mundo e, sobre todo, mostrar o Universo e os seus maravillosos *personaxes*. Aínda que se trata dunha soa exposición, posúe modalidades diferentes, para que calquera institución ou entidade que desexe organizala poida facelo a súa conveniencia.

¹ Compoñentes do grupo «Ela é unha Astrónoma»:

- Francesca FIGUERAS SIÑOL (coordinadora do grupo), Universidade de Barcelona
- Adriana KICZKOWSKI, Consultora de Xénero
- Josefina F. LING, Universidade de Santiago de Compostela
- Belén LÓPEZ MARTÍ, Centro de Astrobioloxía (CAB, INTA-CSIC)
- Isabel MÁRQUEZ PÉREZ, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC
- Josefa MASEGOSA GALLEGO, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC
- Eulalia PÉREZ SEDEÑO, Centro de Ciencias Humanas y Sociales (CCHS) - CSIC
- Blanca TROUGHTON LUQUE, IES Los Mantiales, Torremolinos- Málaga
- Montserrat VILLAR MARTÍN, Instituto de Astrofísica de Andalucía (IAA) - CSIC

Imaxe dun dos 13 paneis, neste caso dedicado ao tema da Cosmoloxía

+ Investigadoras

Outras astrónomas que investigaron sobre galaxias e cosmología:



Sandra Faber (Estados Unidos, 1944)
Astrónoma do Observatorio ríos da Universidade de California (EEUU), descubriu a relación entre o brillo dunha galaxia elíptica e a anchura das liñas de absorción no espectro: as galaxias máis brillantes mostran liñas máis anchas. Esta relación conéctase como a relación de Faber- Jackson e permite calcular distancias ás galaxias.



Neta Bahcall
Profesora de Astrofísica da Universidade de Princeton (EEUU), desenvolveu un método pioneiro para analizar a distribución de cúmulos de galaxias, concluíndo que o Universo contén menos materia da que se cría. Estas investigacións son fundamentais para interpretar como será a evolución do Universo.



Henrietta Leavitt (Estados Unidos, 1868-1921)
En 1893 comezou a traballar no Observatorio de Harvard. Descubriu a relación entre o período e a luminosidade dun tipo de estrelas variábeis, as Cefeidas. Esta relación permitiu determinar a distancia a outras galaxias, é dicir, a obxectos moito máis afastados que os estudados ata entón. Mostrou a universalidade desta relación independentemente do tipo de galaxia. É a primeira cosmóloga da historia.



Wendy Freedman (Canadá, 1957)
O seu traballo na prestixiosa institución Carnegie de Washington estivo centrado no estudo das estrelas Cefeidas. Liderou o proxecto clave do Telescopio Espacial Hubble sobre a Escala de Distancias Extragalácticas, no cal se utilizaron estrelas Cefeidas para medir a velocidade de expansión do Universo. Este traballo mereceu a obtención do premio Grubel de Cosmoloxía en 2009.

A idade do Universo

O astrónomo Edwin Hubble descubriu en 1929 que o Universo se está expandindo, de modo que as galaxias nel sepáranse a unha velocidade proporcional á distancia entre elas. A constante de proporcionalidade chámase "constante de Hubble". Do valor exacto desa constante dependen a idade e o tamaño do Universo.

Na década dos anos noventa do século pasado a astrónoma Wendy Freedman, tras dez anos de traballo logrou determinar o valor da constante de Hubble, e así medir a idade do Universo que quedou fixada nuns 13.700 millóns de anos.



HITOS ASTRONÓMICOS DE LA COSMOLOGÍA

1915
Formulación da Teoría Xeral da Relatividade que servirá para establecer os modelos matemáticos do Universo.

1920
Descóbrese que as estrelas en outras galaxias.

1927
Propóñese un modelo matemático do Universo que máis tarde recibirá o nome do modelo do Big Bang. Nestes modelos os obxectos afastados presentan o que se coñece como "desprazamento ao vermello", que implica que van estar afastándose do observador.

1928
Establécese a relación que existe entre o desprazamento ao vermello e a distancia as galaxias próximas.

1948
Formulación da Teoría da creación dos elementos químicos no Universo (Big Bang).

1965
Descóbrese que o Universo está cheo dunha radiación electromagnética que se coñece como "Residuos do Fondo de Microondas". Xunto con a expansión do Universo e a súa composición química, constitúe a terceira proba do Big Bang.

1989
As radiacións do Fondo de Microondas mostraron algunhas das características previstas para a Radiación do Fondo de Microondas.

1998
Observárase que o Universo parece estar en expansión acelerada, isto implica a existencia dalgúña forza que se opón á gravidade de natureza desreplicada, chamada enerxía escura.

2000
Medíronse os primeiros parámetros do Universo primitivo: a idade do Big Bang e ademais saíronse para non saíremse o colapso que provoca a teoría chamada Big Crunch.



Obxectivos


Este traballo concibiuse coa idea de acadar as seguintes finalidades:

1. Ensinar Astronomía dende unha nova perspectiva, a contribución científica das astrónomas. Dar a coñecer dunha maneira completa esta disciplina, poñendo en valor non só as achegas, senón tamén o esforzo engadido dentro do contexto histórico e discriminatorio que moitas das protagonistas sufriron para levar adiante o seu labor.
2. Propiciar novas vocacións científicas entre as mozas mediante a visualización do traballo das astrónomas, o que permite establecer modelos femininos de referencia.
3. Fomentar unha actividade de concienciación que permita ao público xeral, eliminar esa visión nesgada das persoas dedicadas á Astronomía de acordo a parámetros establecidos por un poder científico e social tradicionalmente masculinos.
4. Servir como elemento de reflexión, no noso país, sobre o estado desta ciencia e da súa divulgación visto desde o punto de vista desa outra metade do universo investigador que son as mulleres.
5. Mostrar a achega da Astronomía á cultura e á sociedade ao longo dos séculos. Contribuír a divulgar esta ciencia en diferentes ámbitos (museos, centros escolares, universidades, centros de investigación) e a difundir algúns dos avances científicos e tecnolóxicos máis importantes das últimas décadas.

Elementos e contidos

Trátase dunha exposición modula-ble/flexible/adaptable que explica a evolución da ciencia da Astronomía e a importancia das mulleres no seu desenvolvemento.

Para iso o vehículo principal de transmisión elixido foron trece paneis ou pósteres. O primeiro corresponde á



Portadas de tres dos caderniños pedagóxicos

presentación e nel dánse unhas breves pinceladas sobre a temática e os obxectivos. Nove son de contido astronómico, dedicados a mostrar ideas fundamentais sobre a Astronomía actual en materias como: o Sol («Unha estrela mediocre... pero é a nosa»); o sistema solar («Os outros»); a estrutura e evolución estelar («Esferas de gas, elas tamén morren»); as galaxias («Millóns de soles xuntos, o universo é todo»); a Cosmoloxía («A idade do Universo») e a instrumentación e o Desenvolvemento Tecnolóxico («Outros ollos para ver, o Universo desde fóra da atmosfera»). Están deseñados de maneira que na parte central se establece o tema fundamental de estudo, baixo un titular conciso e atractivo (os citados anteriormente entre parénteses) e en torno ao cal se mostra: o traballo das astrónomas máis destacadas en dito ámbito, material gráfico de calidade e un cronograma ou liña do tempo cos fitos astronómicos máis importantes nese campo. Así, achegas femininas como o descubrimento dos púlsares, a estrutura a gran escala do Universo ou a medida das distancias estelares pasean ante os nosos ollos explicadas dunha maneira divulgativa e amena. Dous dos paneis son de carácter transversal e refírense á presenza das astrónomas nos ámbitos cultural («As estrelas na cultura») e político-social («Un longo camiño

pola igualdade»). O último, ademais dos créditos, recolle un mosaico fotográfico formado por cento dezaseis mulleres españolas dedicadas a esta profesión («+ españolas»). Todos os paneis teñen a súas versións en castelán, catalán, éuscaro, galego e inglés.

Como material adicional aos paneis existen sete caderniños pedagóxicos para seren usados polo profesorado e estudantes dos niveis de ESO e Bacharelato. Os títulos dos mesmos son: *Saturno*, *Lentes gravitacionais*, *Lei de Hubble*, *Radiotelescopios*, *O Sol*, *A esfera celeste*, *Gravitación*, e poden atoparse en castelán, catalán e galego.

Pero esta é tamén unha mostra que se pode tocar e sentir. Sete mobles realizados coas últimas técnicas museísticas permiten ao visitante aprender da maneira máis lúdica que existe, xogando. De modo que temos a posibilidade de: xogar ao Trivial nunha pantalla táctil («Ponte a proba»), manexar un xogo mecánico de preguntas e respostas («Verdade ou mentira?»), visualizar un vídeo en formato cómic sobre as astrónomas que traballaron no Observatorio de Harvard (*De Harvard ao ceo*), manipular un quiz electromecánico onde se iluminan xanelas sobre os logros das astrónomas («Sabías que?»), accionar a panca mecánica dun foguete que repasa fitos astronómicos («O universo móvese»), escoitar audios sobre

Outros elementos que contribúen a ambientar e dotar dunha maxia especial esta exposición, son as reproducións dos instrumentos astronómicos e parte do material de *atrezzo* e decorado utilizado na rodaxe da película *Ágora*

anécdotas contadas polas propias astrónomas («A viva voz») e ver o tráiler e escenas da película *Ágora* onde aparecen as reproducións que se amosan na exposición («Hipatia, unha vida de cine»).

Outros elementos que contribúen a ambientar e dotar dunha maxia especial esta exposición, son as reproducións dos instrumentos astronómicos e parte do material de *atrezzo* e decorado utilizado na rodaxe da película *Ágora*, dirixida por Alejandro Amenábar, que narra a vida de Hipatia de Alexandría. A produtora do filme, Mod Producciones, tivo a ben ceder diversos materiais entre os que se atopan: unha esfera armilar, un modelo xeocéntrico de Ptolomeo, varios sextantes e cuadrantes, estatuas, esfínxes, etc.

Formatos, persoas destinatarias e difusión

Como xa se dixo anteriormente, a fin de que esta exposición poida chegar á maior cantidade de público posible existen tres versións da mesma.

A) Exposición dixital:

Composta polos trece paneis máis os sete caderniños pedagóxicos en formato pdf. Orientada cara a xoves de niveis educativos da ESO, Bacharelato e Ciclos formativos de Grao Medio e Superior. O seu ámbito de difusión é tanto nacional como comunitario e internacional atendendo ás distintas traducións existentes. É de descarga libre e gratuíta, para todas as persoas interesadas, a través da páxina web do equipo «Ela é unha Astróno-

ma», http://astronomia2009.es/Proyectos_pilares/Ella_es_una_Astronoma/Con_A_de_Astronoma.html ou da páxina web da Sociedad Española de Astronomía, <http://www.sea-astronomia.es/drupal/mujer>


B) Exposición física:

Trátase das diferentes réplicas físicas dos trece paneis, feitos en fórex de 3 mm con vinilo e de tamaño 150 x 100 cm. Está pensada para ser mostrada nos centros de ensino, asociacións culturais ou afeccionadas á Astronomía, centros cívicos ou da terceira idade, universidades, bibliotecas, fundacións, etc.

Con tal motivo foi convenientemente anunciada en diversas consellerías e concellerías de educación e igualdade, institucións, organismos públicos e privados de España. Segundo as solicitudes recibidas, este formato da exposición xa percorreu en idioma castelán as universidades de Valencia e Extremadura (Campus de Cáceres e de Badajoz); en catalán as universidades de Alacante e Barcelona, a Biblioteca Central e o Centre Cívic President Macià de Tarraça, o Centre d'Observació de l'Univers



Resultados das visitas



del Parc Astronòmic del Montsec e o Centre Cultural i de Congressos Laurèdia de Andorra; e en galego o Auditorio Municipal de Lalín e o Colexio Público de Boimorto.

C) Exposición museística interactiva:

Destinada a grandes museos de ciencia, planetarios ou centros que dispoñan dun espazo mínimo de 200 m² de superficie. É a versión máis completa

da mostra, onde aos trece paneis físicos se engaden os sete módulos interactivos, así como as reproducións dos instrumentos astronómicos antigos e os decorados utilizados na película *Ágora*.

O perfil do visitante inclúe todo tipo de idades e público xeral con diferentes niveis de comprensión.

A mostra completa pode solicitarse directamente as comisarias da exposición Eulalia Pérez Sedeño e Josefina F. Ling a través do correo electrónico 100hores@am.ub.es.

Esta versión inaugurouse na Casa de la Ciencia do CSIC en Sevilla, onde estivo exposta do 14 de decembro de 2009 ao 14 de marzo de 2010 sendo visitada por 10.652 persoas.

A continuación trasladouse ao Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago Compostela do 19 de marzo ao 29 de abril de 2010, alcanzando a marca de 18.335 visitantes e contou co patrocinio da Vicerreitoría de Cultura da USC, a Secretaría Xeral de Igualdade (Xunta de Galicia), o Xacobeo 2010, o Concello de Santiago, e o Seminario Mulleres e Universidade.

Nesta localización levouse a cabo ademais un programa de visitas guiadas por monitores especializados, dirixido a escolares e asociacións de Galicia en colaboración co Concello de Santiago. Isto permitiu remediar as carencias, existentes nos currículos dos diferentes niveis educativos, dalgúns aspectos científicos e optimizar o uso dos módulos interactivos, elementos de dinamización e consolidación das nocións de ciencia e vida presentadas na exposición. Os paneis que máis chamaron a atención foron os correspondentes a evolución estelar, Cosmoloxía e instrumentación astronómica; os módulos cos que máis xogaron, os de «Ponte a proba» e «A viva voz»; e o vídeo máis visto, o de «Hipatia, unha vida de cine».

Os centros participantes foron dezanove en total, os niveis educativos os de segundo ciclo da ESO e os de Bacharelato e o número de estudantes sumou 813.

Desde Galicia a exposición enviouse ao Museo de la Ciencia y del Agua en Murcia, onde foi visitada do 15 de xuño ao 12 de setembro de 2010. As futuras situacións serán no Auditorio de Oviedo e no Paraninfo de Bilbao.

Para rematar, dicir que a elaboración de todo o material foi posible grazas aos financiamentos obtidos no ano 2009 a través da FECYT, o plan de Accións Complementarias do MICIN e o Consello Superior de Investigacións Científicas. Material, que desexamos deixar como parte do legado de «Ela é unha Astrónoma» ás futuras xeracións, xunto con máis pezas doutras actividades desenvolvidas, para tratar de facer visibles as astrónomas pasadas e presentes, que cos seus traballos contribuíron a xerar coñecemento e a construír un mundo máis igualitario e xusto, e das que falaremos en próximas ocasións. ■




Imaxes de esquerda a dereita:

Módulo interactivo correspondente ao vídeo *De Harvard, ao ceo*

Parte dos decorados e reproducións da película *Ágora*

Vista xeral do formato museístico interactivo da exposición

A MULLER BAIXO O FRANQUISMO: Apuntalando mentalidades



VICTORIA MARTINS R.

O réxime franquista utilizou a coerción e o adoutramento para impoñer o modelo de xénero defendido polo nacional-catolicismo. Un modelo baseado na tradición conservadora, que reservaba para a muller o ámbito do espazo privado no que exercer as funcións de nai e de esposa.

O discurso franquista respecto da muller forma parte do ideal de rexeñación ideolóxica e moral e de restauración da orde, necesarios trala de-

riva social que segundo o fascismo se produciu en España e en Europa na primeira metade do século XX, que tivo a súa culminación no caso español na experiencia republicana. O breve período republicano puxo en evidencia o potencial das mulleres como elemento transformador da sociedade. Foi, polo tanto, unha prioridade corrixir esa transformación das mulleres de seres pasivos en activos, e devolvelas ao seu lugar *natural*.

Á separación física entre os sexos, sumouse a diferenciación formativa a través da instauración da disciplina de «Enseñanzas del Hogar» para a poboación feminina [...]

Á coerción, aplicada a través da implantación dunha avultada lexislación discriminatoria, engadiuse un vasto labor de adoutrinamento que apuntalase a mentalidade social conservadora. Este labor levouse a cabo fundamentalmente no marco do ensino e da Igrexa como soportes básicos da reeducación ideolóxica e moral das mulleres.

Xa en setembro de 1936, e ante o inminente inicio do curso escolar, dítanse os primeiros decretos establecendo a reposición dos crucifixos nas escolas e a prohibición da coeducación, e, por suposto, as primeiras depuracións no corpo de ensinantes.

Co remate da guerra aplicouse un cumprido programa lexislativo que estableceu a ordenación do ensino nas diferentes etapas educativas. Á separación física entre os sexos, sumouse a diferenciación formativa a través da instauración da disciplina de «Enseñanzas del Hogar» para a poboación feminina, que incluía nocións de costura, economía doméstica, puericultura ou

hixiene, e a implantación dun novo corpus de textos escolares cos que formar os nenos e as nenas ó xeito da doutrina nacional-católica.

Era todo un clásico nos libros de texto —as denominadas *enciclopedias*— o capítulo dedicado á Historia sagrada, onde os escolares aprendían o relato bíblico da creación da humanidade, con carácter de *verdade histórica indubidable*:

Dios puso a Adán en el Paraíso terrenal, que era un hermoso jardín lleno de árboles frutales y plantas con flores.

Como Adán estaba solo, el Señor quiso darle una compañera. Para ello hizo que el hombre se quedase profundamente dormido. Entonces, le sacó una costilla, y con ella formó a la primera mujer.¹

¹ *Nueva Enciclopedia Escolar*, Grado Segundo, Burgos, Hijos de Santiago Rodríguez, 1954, p. 56.

Al momento quedaron avergonzados y llenos de terror. Vieron que iban desnudos y trataron de taparse con hojas de higuera y esconderse detrás de un árbol. El Señor los llamó y les pidió cuenta de su conducta. Adán acusó a Eva, y Eva echó la culpa a la serpiente.

Dios los castigó a todos. La serpiente se arrastraría por la tierra. La mujer quedaría sujeta a su marido y expuesta al dolor. El hombre ganaría el pan con el sudor de su frente. Sus descendientes nacerían con el pecado original. Además fueron arrojados del Paraíso.



Pero en medio de tanto castigo, Dios les hizo una promesa consoladora. Dijo que pondría enemistades entre la serpiente y la mujer, y que ésta quebrantaría la cabeza de aquélla. Esto equivalía a decir que más tarde vendría Jesucristo a salvar a los hombres.

RECAPITULACIÓN

Dios nuestro Señor creó todo cuanto existe. En un principio creó el cielo y la tierra. Después, en seis días o épocas, fueron apareciendo todas las cosas que ahora vemos. El primer día hizo la luz; el segundo creó el firmamento; el tercero separó las aguas de la tierra; el cuarto creó el Sol, la Luna y las estrellas; el

Por el matrimonio se obliga a los cónyuges a vivir ligados y a educar a los hijos que tuvieren; la religión lo considera como sacramento.

55. Obligaciones del marido. — El marido viene obligado a trabajar para el sostenimiento de su esposa e hijos, a defender a ésta y a los hijos y a respetarlos y guiarlos.

56. Obligaciones de la mujer. — La esposa viene obligada a seguir a su marido, a donde éste se establezca, a obedecerle, a no enajenar sus bienes sin el consentimiento del marido, o en su defecto, sin cumplir lo que entonces disponen las leyes.

Los deberes morales del matrimonio, iguales para ambos, son la mutua fidelidad y la mutua asistencia.

57. La familia. — El origen de la familia es el matrimonio. La familia queda integrada por los padres y los hijos.



Es deber de los hijos honrar padre y madre

58. La patria potestad. — Se llama *patria potestad* la autoridad que los padres ejercen sobre sus hijos. Son deberes de los padres: alimentar, educar y dar carre-



El hombre encuentra en la familia los más puros afectos

LECCIÓN XVII

DEBERES PARA CON LA PATRIA

81. La Patria. — La Patria es la gran familia que nos cobija, nos atiende y nos preserva.

82. Amor a la Patria. — Debemos amar a nuestra Patria con cariño de verdaderos hijos.

España es una nación heroica, grande, civilizada; por esto hemos de amarla y de venerarla; pero aun cuando no fueran tantos sus hechos gloriosos y sus títulos, también deberíamos amarla igualmente; de la misma manera que un buen hijo ama a su madre, sea ésta hermosa o no lo sea; para un buen hijo, siempre su madre es la mejor; para un buen ciudadano, su Patria es la mejor siempre, porque es la suya.

83. La Patria nos atiende y defiende. — La Patria defiende nuestras libertades, atiende a nuestra seguridad, protege nuestro trabajo y nos ampara y ayuda siempre.

84. Cómo debemos servir a la Patria. — A la Patria debemos engrandecerla con todo interés, y, si llega el caso, defenderla con nuestra sangre.

O matrimonio, aspiración vital para as mulleres, ten por obxectivo a fundación dunha familia. A institución familiar é un dos piares básicos da sociedade fascista, e un claro exemplo de xerarquía...

Pero este idílico paraíso creado por Deus para o lecer da especie humana, mudou cando Eva caeu ante a tentación e comeu da froita prohibida, lastrando así a humanidade co estigma do pecado orixinal:

El Señor los llamó y les pidió cuenta de su conducta. Adán acusó a Eva, y Eva echó la culpa a la serpiente.

Dios los castigó a todos. La serpiente se arrastraría por la tierra. La mujer quedaría sujeta a su marido y expuesta al dolor. El hombre ganaría el pan con el sudor de su frente. Sus descendientes nacerían con el pecado original. Además fueron arrojados del Paraíso.²

O sometemento ó marido era explicado tamén nos libros de texto como norma básica da organización político-xurídica do Estado español. A lección dedicada a «El matrimonio, la Familia y la Patria Potestad», concedía un dos apartados ás obrigacións da muller:

La esposa viene obligada a seguir a su marido a donde éste se establezca, a obedecerle, a no enajenar sus bienes sin el consentimiento del marido o, en su defecto, sin cumplir lo que entonces disponen las leyes. [...] Si es la madre la que ejerce la patria potestad, por defunción del padre, esta cesa si ella contrae nuevo matrimonio.³

O matrimonio, aspiración vital para as mulleres, ten por obxectivo a fundación dunha familia. A institución familiar é un dos piares básicos da sociedade fascista, e un claro exemplo de xerarquía:



La familia queda fundada por el matrimonio. Pero además del marido y la mujer forman también la familia los hijos. La familia se puede comparar a un árbol. El matrimonio es el tronco, y los hijos las ramas. La cabeza del tronco es el varón.⁴

«La adhesión absoluta al Nuevo Estado» esixida ás profesionais do Maxisisterio Nacional mediante certificación oficial, e a formación obrigatoria en Educación Política no espírito e doutrina de FET e das JONS, completaban un plan articulado para acadar os obxectivos do ensino estipulados polo réxime: proporcionar a todos os españois a cultura xeral obrigatoria e formar a vontade, a conciencia e o carácter dos nenos, acordos cos principios inspiradores do Movemento Nacional. ■

² Nueva Enciclopedia..., op. cit. p. 57.

³ Enciclopedia Cíclico-Pedagógica, Grado Medio, Gerona-Madrid, Editorial Dalmau, 1952, pp. 570-571.

⁴ Nueva Enciclopedia..., op. cit. p. 22.



MARÍA-JESÚS DE PRADA VICENTE*

Sobre Xapón hai moitos mitos escritos. A súa propia historia *Kojiki*, compilada no século VIII, está composta de mitos e deuses; este tipo de mitos non ten puntos comúns cos mitos gregos ou romanos, son mitos semellantes ás pedras sacras *churinga* (da tribo aranda en Australia Central).

As pedras de Churinga teñen a calidade inmutable de representar o tótem de cada grupo, así como o avatar de cada individuo da colectividade; todo

* Profesora de literatura xaponesa na Universidade de Fukuoka, Xapón.

iso vai pintado sobre a pedra que cada membro do grupo leva coidadosamente consigo. Ao mesmo tempo a pedra funciona como amuleto protector.

Nunha ocasión un dos membros do grupo explicaba ao antropólogo que os visitou a importancia suprema destas pedras e como a súa ausencia constituiría unha auténtica catástrofe, e cando foi ensinarlle a súa propia deuse conta de que a perdera; o antropólogo mostrou o seu pesar sabendo a importancia de tales pedras, mais o desafortunado atopou a solución ao problema collendo outra pedra in situ e pintándoa de novo. Difícil de entender que sendo esa



O feminino mítico no XAPÓN



[...] dos mitos que o occidental forxou citaremos a imaxe recreada das *gueixas*. Esas *gueixas* que o occidental [...] pintou na súa mente non son máis que produtos androcéntricos da súa fantasía e das súas ilusións eróticas

calidade e ese deseño inmutables, poidan ser manipuladas segundo a conveniencia do momento.

Estas pedras, como os mitos xaponeses, son móbiles e flexibles; o contido ou fondo non é máis que un motivo pasaxeiro que pode variar cunha flexibilidade inusitada e difícil de comprender para unha mente lóxico-racional. Xapón, do mesmo xeito que a sociedade da tribo de Aranda, é unha cultura estruturalmente primitiva que se apega á *forma* e onde o fondo pouco importa. Isto quere dicir que, aínda que a forma é predominante, é efémera, pero o que nunca variará é a estrutura.

Aínda sendo expulsado do mundo mítico hai xa varios milenios, o occidental tamén crea os seus propios mitos, pero estes carecen de volatilidade e flexibilidade converténdose en novos dogmas. Como exemplo dos mitos que o occidental forxou citaremos a imaxe recreada das *gueixas*. Esas *gueixas* que o occidental, especificamente o norteamericano, pintou na súa mente non son máis que produtos androcéntricos da súa fantasía e das súas ilusións eróticas.

Para mostra temos a película *Sayuri*, baseada na novela de Arthur Golden, *Memorias dunha gueixa* (1997). O contido

da novela está composto na súa maior parte por entrevistas que lle fixera á *gueixa* Mineko Iwasaki. Con todo, a propia Iwasaki non recoñece na descrición de Arthur unha *gueixa*. Ofendida por tan torpe deseño sobre un mundo que encerra o ambiguo e o que non se dixo, decide lanzar a súa propia mitificación da vida das *gueixas* no ano 2002.

Outro dos mitos creados polos occidentais que pasan por Xapón ou viven neste país é o da prostitución. En Xapón é unha pedra *churinga* que non molesta os membros do grupo, é máis, a súa utilidade outorga unha infinidade de beneficios. De feito, hoxe en día, non son poucos os xaponeses que casan con prostitutas e crean a súa propia familia, pois os xaponeses, fortemente míticos, están sempre dispostos a refacer o deseño.

Miles de turistas veñen a Xapón soñando con realizar as súas fantasías sexuais coas xaponesas, que, por outra banda, non teñen ningún tipo de atadura, crenza ou moral para transformar o deseño da súa pedra. Outros miles veñen buscando a súa igualdade, aquí onde a homosexualidade, desde a Antigüidade e especialmente no período Edo (XVII-XIX), era símbolo de masculinidade entre os burocratizados samurais que non podían pasar sen ter, á parte da esposa oficial e varias mulleres ao seu servizo, algúns mozos que suavizasen a súa feroz bravura. A homosexualidade feminina decántase dentro do marco da *modernidade*, corrente vertixinosa na que o mítico Xapón tamén é arrastrado. E con todo e a pesar desa imponente forza, Xapón segue incuestionablemente o curso da natureza e, dentro do seu marco, dentro das crenzas autóctonas enraizadas no mundo que constitúe a esencia xaponesa, o xintoísmo, co seu culto á procreación, á adoración fálica e á fertilidade, segue sendo o deseño preferido e sagrado da súa pedra.

Pois ben, en Xapón a prostitución tal como se entende en Occidente non existe; este tipo de intercambio sexual mediatizado por unha recompensa en



[...] en Xapón a prostitución tal como se entende en Occidente non existe; este tipo de intercambio sexual mediatizado por unha recompensa en Xapón funciona como as míticas pedras *churinga*

Xapón funciona como as míticas pedras *churinga*. O mito distínguese da realidade pola decoración arbitraria, pola mutabilidade e por unha imprescindible harmonía que fan que o mito mesmo se converta noutra forma de estética, aínda que careza na maioría dos casos do que en Occidente se denomina ética. O que si existe no Xapón moderno e non lle fai falta disfrazarse de mito é a *industria do sexo*. Tokio ocupa o quinto lugar do mundo no *ranking*.

O mito occidental sobre a prostitución, gueixas e demais mozos que aparentemente venden os seus corpos a cambio, ás veces, de nada, vézolo na

literatura xaponesa cun deseño totalmente diferente. Xa desde o século VIII aparecen, na primeira antoloxía poética xaponesa *Manyoshu*, termos que as definen como «mozas expertas en canto e danza» coa función de acompañar os homes nas súas viaxes e brindarlles todo tipo de comodidades e praceres. As médium (mulleres ao servizo dos templos xintoístas) do período Nara (710-784) eran simultaneamente divinas e profanas: polo día ocupábanse dos deuses e durante a noite dos humanos.

No século XI a escritora Sugawara Takasue no Musume, nobre da corte

do período Heian (794-1192), introduce no seu diario titulado *Sarashina nikki* un poema dedicado a este tipo de mulleres. Descríbeas como artistas con voces nítidas que se elevan ao ceo do mesmo xeito que as súas danzas.

A partir do século XII, as denominacións varían segundo as súas calidades artísticas.

A arte realizada por estas mozas institucionalízase cando Toyotomi Hideyoshi (1536-1598), un dos unificadores de Xapón no seu período de guerras, crea a primeira casa de *artistas de entretemento* en 1584. En 1612 ábrese a famosísima casa de artistas de Yoshiwara,

que só se pecha cando –debido á influencia da moral puritana anglosaxona– en 1872 se promulga unha lei pola que se prohibe a venda de mozas para estas casas. A venda de nenas entre 7 e 12 anos destinadas a estas casas viña ocorrendo desde 1700.

En xaneiro de 1946, baixo a orde do xeneral norteamericano MacArthur, tras a patética derrota do milenar mito *Imperio nipón*, abólense estas casas, considerándolas casas de prostitución; esta prohibición refórzase en 1958. Até entón as casas de mulleres especializadas en *ars amatoria* constituíran un imponente freo á actual e prolífera industria do sexo e á prostitución en si, dous feitos históricos que deterioraron visiblemente a harmoniosa estética da sociedade xaponesa.

Ditas casas, *yukaku*, albergaban e educaban mociñas, moitas delas vendidas polos seus pais na infancia como único medio para saír das condicións

paupérrimas nas que se atopaban; desde nenas eran adestradas nas artes de diversión e gozo, transformándose en moi cotizadas acompañantes da alta clase social. A arte destas mozas combinaba a estética e a sensualidade en perfecta harmonía, sendo os seus corpos xoves mediadores excelentes. Estas nenas só tras unha dura e estrita aprendizaxe convertíanse en fermosas mozas cunha arte que consistía en mostrar todos os seus talentos: música, danza, poesía, retórica, estratexia e se o corpo se inclinase cara a algún cliente especial, como calquera admirable e exemplar esposa, dedicárase exclusivamente a el, recibindo a cambio protección espiritual e material.

En todos estes elementos radica a diferenza co que se entende en Occidente por *prostitución*. As casas especializadas na arte de entretemento ofrecían unha atmosfera de pracenteiro relax, pero tamén cumprían a función

dos salóns en Occidente: eran o lugar propicio para atopar a muller amada, xa que a esposa oficial era imposta polas regras sociais para cumprir principalmente o rol de nai, mais as verdadeiras historias de amor, nacían e ás veces morrían traxicamente nestas casas.

En Xapón a poligamia sempre existiu; durante o período Edo (XVII-XIX) era completamente natural que todo alto cargo tivese ademais da esposa oficial varias esposas secundarias que ocupaban rangos inferiores ao da esposa principal. Por unha banda, o puritanismo americano logrou facer sentir aos xaponeses a poligamia como símbolo dunha sociedade en atraso; pola outra, o desexo de se converter nun país forte como os occidentais ha ir premendo a tradición xaponesa e na actualidade ningún pode ter legalmente máis dunha esposa. Agora ben, nunha sociedade mítica como Xapón, todos os elementos son como as pedras *churinga*, o seu dese-

[...] as casas de mulleres especializadas en *ars amatoria* constituíran un imponente freo á actual e prolífera industria do sexo e á prostitución en si [...]



ño pode variar pero a estrutura sempre se perpetúa. A lei está feita polos homes, pero a natureza segue outros cursos.

Sobre estas casas *yukaku* escribiuse moito e mesmo se levaron ao cinema, aínda que a visión segue sendo moi controvertida. Os xaponeses que están ao servizo das culturas occidentais, principalmente americana, adáptanse ao punto de vista occidental e preséntanas como bordeis exóticos; os máis contrarios á presión occidental céntranse en historias de amor apaixonadas e pasionais, e en xeral é un tema do que non se fala polo temor a parecer retrógrado.

Con todo, unha escritora de finais do XIX, Higuchi Ichiyo (1872-1896) deixounos un legado valioso sobre o que eran estas casas vistas desde a sociedade xaponesa baixo o prisma da estética harmoniosa, elemento básico da cultura xaponesa propiamente dita. Esta escritora, case esquecida, aparece nos actuais billetes de cinco mil iens.

Higuchi é unha moza que, por circunstancias especiais, se traslada a vivir a un barrio de Edo (actual Tokío) onde se situaba un dos máis famosos locais de *novos artistas*: o barrio Yoshiwara. Este barrio constitúe para ela unha revelación, comprende o mundo da muller e o rol que exerce na sociedade.

A partir da súa observación escribe unha noveliña titulada *Takekurabe*, na que describe as mozas destas casas desde o punto de vista dos nenos do mesmo barrio que compartían a infancia coas futuras profesionais da *ars amatoria*.

A escritora adopta unha posición controvertida, quizais por iso está practicamente no esquecemento. Detrás destas mulleres que viven da súa arte, e fan dos seus corpos unha expresión artística en si, está tacitamente a muller xaponesa ideal, esposa fiel e dedicada nai que obtén a final de contas do esposo oficial ao que serve os mesmos

beneficios que as artistas da *ars amatoria*. Critica sutilmente a actitude dos homes que terminan facendo destes locais da arte e da estética, auténticos bordeis, onde a tristeza e as enfermidades venéreas convértense tamén en protagonistas.

En *Takekurabe*, Midori, a protagonista principal, que aínda é unha nena, non ten ningún tipo de prexuízos sobre esta casa na que a súa propia irmá xa alcanzou unha das categorías máis altas, a de *oiran*. Midori pertence ao barrio como calquera outra nena, aínda que xa utiliza con todo o orgullo de raza, a linguaxe específica que desvela e distingue a unha futura *artista do entretemento* das que nunca poderán acceder ao devandito mundo pola súa diferente condición social e sobre todo pola falta de adestramento.

Os seus amigos do barrio saben que o corpo e a arte de Midori terá un prezo, como o ten agora o da súa irmá;

[...] a escritora Higuchi Ichiyo (1872-1896) deixounos un legado valioso sobre o que eran estas casas vistas desde a sociedade xaponesa baixo o prisma da estética harmoniosa, elemento básico da cultura xaponesa propiamente dita



日本文字の運命

Desde o punto de vista de hoxe, podemos considerar esta escritora nova unha defensora da muller no sentido íntegro da palabra. [...] É defensora da calidade feminina, sen incluír nestas calidades as censuras morais

saben que xa a súa elegancia e sensualidade é notoria, e saben que só agora poderán xogar con ela, pois máis tarde cando se inicie, será inaccesible. Entre os nenos do barrio, Shinnyo, o fillo dun bonzo budista, ten especial predilección por Midori e o resto dos nenos, sen ocultar os celos, ven neles a parella ideal, xa que o mundo profano se purifica co mundo sacro.

Shota, fillo dun rico comerciante soña con seguir xogando con ela cando se converta en artista, pois iso daralle unha categoría sen igual. Higuchi describe así un por un os nenos que viven rodeados por estes locais e formando parte do pintoresco escenario; artistas, comerciantes, nenos e adultos, todos eles forman parte dun micromundo onde a estética non empeza nestas casas, aínda que si termine.

Pero non é o único aspecto que nos mostra Higuchi o que fai desta noveliña sen ningunha pretensión un verdadeiro testemuño do que realmente eran estas casas. Nas descrições destas mozas, que se facían visibles cando ían aos baños públicos ou cando saían a exhibirse en procesións organizadas polos membros da casa, compostos por homes e mulleres de todas as idades, Higuchi detállanos o tipo de sandalia que calzaban as artistas, así como o motivo dos quimonos que vestían e o tipo de artesán que os fabricaba; o tear de onde procedía o tecido dos quimonos que levaban nas procesións, a súa tinteira, o tipo de deseño e a rexión de onde procedían; as perrucas que levaban estas mozas cando se expuñan, como ían adornadas de flores, de onde lles vén o nome de *oiran*; os adornos que oscilaban nas súas cabezas, fabricados polos artesáns do barrio con fillos que terminaría formando parte de toda esa constelación artística que rodeaba este tipo de casas. En fin, estas casas, aprendemos na noveliña, tamén formaban parte do ritmo do barrio, formaban parte do cotián da xente e a xente era parte importante das casas, e *Takekurabe* é unha testemuña do aspecto artístico que envolvía estas rapazas; mozas de-

dicadas integramente á estética, sen unha moral cristiá que lles impedise integrar o seu propio corpo nese xogo de sensacións ao servizo da beleza.

Higuchi viviu unha época onde a muller socialmente valorada estaba restrinxida ao seu rol de esposa e nai, sen poder desenvolver outras calidades artísticas que non fosen as estipuladas polos criterios da sociedade moderna cuxo modelo o constituían os poderosos países occidentais. Por unha banda, píntanos a muller atrancada no rol social que o home lle concede, e por outra banda, píntanos o mesmo home sometido enteiramente aos favores eróticos e amorosos que só podía obter destas artistas. As mulleres artistas e as esposas eran as dúas caras da mesma moeda, e ao manterse cada unha no seu propio deseño aseguraban á sociedade unha harmonía estética que o Xapón moderno perdeu.

Desde o punto de vista de hoxe, podemos considerar esta escritora nova unha defensora da muller no sentido íntegro da palabra. Para ela, a muller é un toque estético, unha liña case excéntrica dentro dun mundo estático de formas; é a liberdade de expresión onde o silencio do home toma cor. É defensora da calidade feminina, sen incluír nestas calidades as censuras morais.

De feito, en Xapón, sen rexerse por ningún tipo de moral relixiosa, senón repousando no natural pensamento do xintoísmo, todo, incluído o home e as súas debilidades, é a expresión da divina natureza. Non se concibe nin o castigo para todos aqueles que camiñan sobre o mal, que non é máis que outra manifestación da natureza, nin os tabús sexuais dos que o mundo occidental foi presa. Como nos ensinan estas mozas ao servizo do pracer, o corpo é unha manifestación artística desa natureza que require un camiño e unha disciplina para chegar á súa máxima expresión. O corpo é en si unha pedra sagrada *churinga*, onde segundo as conveniencias se pode refacer o deseño. ■

Libros



Los que se fueron

CASTROVIEJO, Concha: *Los que se fueron*,
A Coruña, Ediciones del Viento,
2008

ANA M.^a ARELLANO

Esta é unha novela na que a ficción é só un marco para transmitir a realidade e os sentimentos de todas aquelas persoas que tiveron que exiliarse ao rematar a guerra civil. É unha testemuña escrita por quen coñeceu de primeira man ese éxodo. Non só describe as penurias e as inquietudes polas que pasaron, senón que as transmite como unha realidade que vai cobrando vida a través das páxinas. Cunha prosa áxil e moi coidada que fai avanzar na lectura sen querer deixala, dá tamén moita información de como foi a vida destas persoas primeiro en Francia e logo en México, das relacións entre os exiliados e as destes cos habitantes dos lugares de paso ou de acollida. É particularmente entrañable a historia do telegrafista francés que pon en contacto, a traveso de compañeiros telegrafistas de ambos frontes, a persoas e familias que quedaron separadas pola guerra.

Foi publicada por primeira vez por Planeta no ano 1957,¹ uns anos despois do regreso de Concha Castroviejo a España, talvez demasiado cedo como para poder ser aceptada pola sociedade da posguerra na que aínda estaban demasiado vivos os odios e as perdas. É por iso un grande acerto, e unha sorte para quen gusta da boa literatura, que Ediciones del Viento a reeditase en 2008. A impresión en letra clara e de tamaño aceptable e tamén de agradecer.

A novela comeza coas notas de Diego Noya, unhas primeiras páxinas que

son tamén o final, e nas que se resumen o sentimento de desarraigo e a necesidade de moitos refuxiados de regresar a un futuro incerto pero seu: «Por eso quiero volver a ser yo. Saber cómo soy con los dos pies sobre mi suelo». O regreso é unha promesa que todos se fan ao partir, pero hai un tempo para facela realidade, antes de que as novas raíces prendan tanto como para non saber onde está o propio lugar. Este é o dilema presente e permanente dos exiliados, como logo, e por circunstancias diferentes, o foi tamén de moitos emigrantes.

Un sentimento de desarraigo, expresado de forma coral polos distintos protagonistas, que comeza nos días fríos de inverno en que inician a marcha cara a Francia e segue coa estancia dura e escura nos campos de concentración, pero que coexiste cun ansia de vida nova que xorde coa primavera, unhas ganas de vida que traspasan os aramados e medran ante a posibilidade de emigrar a América. Sentimentos contradictorios cos que chegarán ata o calor e o colorido das terras mexicanas, nas que son recibidos con receo, pero tamén con afecto.

O círculo pechado no que se movían os refuxiados en México, a evolución de cada un e cada unha ao ter que enfrontarse a unha nova vida, está descrito a través das vidas de Carmen, de Lens, de Serapio, de Fabiola, de Pazos... E sobre todo, de Diego e de Beatriz, os

dous que poñen maior distancia co resto do grupo. Os esforzos de Beatriz por saír adiante, sen amedrentarse ante as críticas que algúns lle fan por intentar ser independente e por subtraerse ao control do clan que formaban os refuxiados, a liberdade que vai medrando nela ata ser quen de aceptar con afecto e serenidade o desamor. E, a busca de Diego dun sentido ao seu fuxir pola vida que nos interna na calor húmida dun trópico sen estacións, nunha vida abundante pero sen esgazaduras onde todo é posible, onde a nova guerra en Europa vívese a distancia. Un trópico, lonxe de todo o coñecido, onde é posible establecer unha relación de amizade cun cafeteiro alemán, sen prexuízos por parte ningún dos dous a pesar das orixes tan distintas, porque as boas e malas persoas existen por riba dos pobos e das guerras...

Talvez despois destes anos nos que tanto se ten falado e publicado sobre a memoria histórica, exista unha certa saturación, pero esta é unha novela que transcende o momento, que independentemente de cando se lea ten vixencia. Recomendovola.

¹ Presentouna ao premio Nadal en 1952 (que se fallou en xaneiro de 1953) co título *Las raíces y el tiempo*. Aí si, recentemente chegada (decembro de 1949).

Pilar, traballadora nunha fábrica de dentífricos



ANGÉLICA E PATRICIA COMESAÑA COMESAÑA

Pilar é unha de esas mulleres fortes que vive o presente amosando nostalxia por aquel pasado que quedou atrás no tempo, pero que segue vivo nos seus recordos. Pertencente a unha familia numerosa, dende moi nova non tivo máis remedio que ir a traballar, e traballar nunha fábrica:

Eramos doce irmáns. A pesares de ser moitos, nunca nos faltou de comer, mais con tan só 17 anos tívenme que por a traballar.

A vida de Pilar sempre estivo dalgunha maneira relacionada coa factoría na que anos despois traballaría, xa que a casa dos seus pais estaba pegada aos muros que a rodeaban. Alonarti era o nome da fábrica de Euxenio Fadrique na que comezou a traballar dende moi nova. Foi o seu pai, encargado de Barreras por aquel entón e con influencias importantes, quen lle conseguiu o emprego na fábrica de dentífricos. A empresa, especializada na elaboración e envasado de pasta de dentes e de cremas para a cara, estaba situada no barrio de Coia, era considerada como unha das máis importantes e innovadoras da cidade olívica:

Na fábrica faciamos todo o relacionado cos dentífricos. Fabricabamos os tubos, esmaltábámolos, enchiámolos coa pasta de dentes ou das cremas para a cara, puñámoslles a marca e os metiamos nas súas caixas. Tiñamos que encargarnos de deixar o produto listo para mandalo ao mercado.

Na fábrica Pilar estivo a desempeñar funcións en varios postos, dos que garda un bo recordo:

O meu traballo era moi bonito. Unha das miñas obrigacións en Alonarti era esmaltar os tubos. Viñan metidos nuns carros altísimos. Un a un tiña que facelos brillar e logo, tiña que levalos no carro para metelos a secar na estufa. Se algún saía defectuoso tiñamos que levalo novamente á fundición para refacelo. Era moito traballo e había que facelo todo a man.

Outra das funcións que Pilar lembra facer en Alonarti era o traballo na litografía:

Cando traballaba en litografía encargábame de pórle as letras aos tubos cos seus nomes. Por exemplo, Profident, Denticlor, Nievina e moitas máis. Traballabamos para as marcas comerciais máis importantes. Era un traballo minucioso, pero a min gustábame moito.

O rostro de Pilar amósase amable mentres relata os seus recordos na fábrica de dentífricos. Maioritariamente son lembranzas agradables, a pesar de que como ela mesma conta, tamén había momentos duros principalmente relacionados cos castigos:

Cada un de nós tiñamos que pór o noso nome nas caixas de tubos que faciamos. Entón, se algo estaba mal feito, castigábannos cargando catro caixas de madeira en cada man. Lembro que pesa-



ban moitísimo, por iso eu puña moito ollo no meu traballo para non cometer erros.

Entre sorrisos Pilar lembra unha ocasión na que foi castigada polos seus encargados:

Se nos atrasabamos á hora de entrada a traballar tamén nos castigaban cargando caixas. Eu tiña sorte. A casa dos meus pais estaba pegada á fábrica e se chegaba tarde a traballar saltaba o muro para que non me descubrisen [risas]. Unha vez caín do alto do muro e magoeime o xeonllo. Cando o encargado me descubriu mandoume a que me curasen e logo castigoume.

No relato de Pilar destaca a nostalgia e o agarimo co que lembra ao dono de Alonarti:

Don Euxenio Fadrique era unha gran persoa. A pesar de ser o xefe era humilde e se se tiña que agachar a coller os tapóns dos envases, facíao. Ademais [sorrí], era todo un cabaleiro e preocupábase moito por nós.

Esta preocupación de Fadrique polos seus empregados plasmábase en melloras na factoría para conciliar a vida familiar e laboral. A fábrica era innovadora para aquel tempo. Os obreiros tiñan á súa disposición un comedor gratuíto para comer a diario e ademais dispuña dunha casa-berce onde os obreiros podían deixar aos nenos mentres cumprían a súa longa xornada laboral, que se estendía de sete da mañá a sete da tarde. Grazas a esta gardería, as empregadas que quedaban embarazadas non corrían o perigo de seren despedidas, o que favorecía un bo ambiente de traballo na factoría. Estes extras que Fadrique ofrecía aos seus empregados compen-

saban dalgunha maneira o baixo soldo que percibían e á súa vez favorecían a imaxe do empresario fronte aos seus traballadores:

O soldo cobrábomolo semanalmente. Non lembro exactamente a cantidade, pero era baixo. De todos os xeitos, ás veces, don Euxenio tiña algún detalle connosco. Unha vez deunos uns cartiños extra para repartir entre os empregados. Con esas perras as compañeiras e mais eu arraxámonos e fomos ao cine.

A Pilar o feito de non cobrar un gran soldo non lle preocupaba moito, xa que este ía parar íntegro a mans dos seus pais e o traballo na fábrica agradáballes:

Os cartiños que me pagaban dáballos á miña nai. Só quitaba unha perra para darlle a un pobre que pedía na rúa. Mesmo cando casei, o meu padriño (que era Constantino Freire) regaloume un sobre con cincocentas pesetas e eu entregueillo á miña nai tamén.

Pilar traballou durante cinco anos e medio en Alonarti ata que decidiu casar. Foi o seu marido o que a obrigou a que cambiase o seu emprego polas tarefas do fogar. Cando deixou o seu posto, ocupouno a súa irmá, que estivo a traballar en Alonarti até o día que casou, repetindo deste xeito a historia de Pilar e outras moitas empregadas da fábrica, que deixaban o seu traballo para coidar aos seus maridos e fillos:

Cando casei, o meu marido non deixou que seguise traballando, porque era moi celoso. Pesoume moito deixar o traballo, porque anos máis tarde o meu marido, que era mariñeiro, quedou sen traballo. A paga de Alonarti viríanos moi ben. Son reveses que dá a vida, que parece que todo vai ir ben e despois vai mal. ■

Parabéns á Festa da palabra silenciada!

A Festa da Palabra Silenciada vén de cumprir 25 anos. Celebrárono no Museo do Mar en Vigo, o pasado 5 de febreiro, nun acto onde interviñeron algunhas das voces máis representativas desta senlleira publicación feminista. Alí estiveron, entre outras, a súa directora, María Xosé Queizán, Marga Romero, Marga R. Marcuño, asesora lingüística e tradutora da revista, Mónica Bar Cendón e Iolanda Veloso, concelleira de Igualdade do Concello de Vigo.

O primeiro número encetábase en 1983 cunha esclarecedora introdución:

A palabra e a escrita foron desde sempre elementos de poder, úteis de marxinación. O don da palabra foi utilizado como arma diferencial e a voz das mulleres foi negada e silenciada ao longo dunha historia masculina.

Para nós é unha festa celebrar o día das letras galegas espallando as nosas palabras, hoxe recuperadas, incidindo no mundo da cultura. Pero non nunha cultura con maiúscula, patrimonio de poucas, nun mundo que nos desprestixia e denigra nun mundo que nos reserva os peores traballos e os mais denigrantes roles nun mundo que nos anula e nos pecha.

Desexamos unha cultura que nos abra novos mences que nos permita desenvolver a propia creatividade que nos facilite a identidade e o coñecimento de nós mesmas que nos axude a saír da alienación



En 1993, con motivo do décimo aniversario da publicación, Queizán asinaba en *Andaina* un artigo titulado «Festa da Palabra Silenciada: Independencia, insumisión e solidariedade». Nel explicaba que a revista xurdiu «do concepto de feminismo de FIGA amplo e antirreformista...

secular que nos libere do autoodio e a marginación que recompoña o noso pasado omitido e afogado.¹


A publicación, dunha calidade evidente nos contidos e no apartado de creación, ten destacado ademais polo seu orixinal deseño, a cargo da acadé-

mica Margarita Ledo Andión desde o número dedicado a Rosalía de Castro, imprentado en 1985. Nese mesmo ano establécese tamén unha estrutura centrada en catro piares: Monográfico, temas varios, crítica e creación. Neste último eido cómpre sinalar a conviven-

cia de voces poéticas noveis con outras xa consolidadas que xustifican un florecemento literario recoñecido pola crítica como a xeración poética da Festa da Palabra.

É importante anotar ademais que a *Festa da Palabra Silenciada* editouse sempre en galego, en consonancia co que afirma a súa directora en recente entrevista publicada por Elvira Fente: «O feminismo galego caracterizouse sempre por utilizar o galego como lingua propia e apoiar a muller galega e ter un carácter moi galeguista».²

En 1993, con motivo do décimo aniversario da publicación, Queizán asinaba en *Andaina* un artigo titulado «Festa da Palabra Silenciada: Independencia, insumisión e solidariedade».³ Nel explicaba que a revista xurdiu «do concepto de feminismo de FIGA amplo e antirreformista, que pretende sacar o feminismo dos temas “específicos” de muller, do que se considera como propio das féminas», indicaba ademais que «com-



¹ *Festa da Palabra Silenciada*, «Mulleres galegas no 83», Vigo, 1983, p. 1. Coordinadoras: María Xosé Queizán e Isabel Mouriz.

² FENTE, E.: *Parir a liberdade. O movemento feminista en Galicia*, Santiago de Compostela, Alvarellos, 2010, pp. 217-218.

³ Segunda época, núm. 6, pp. 54-55.

pre abordar o que se pode chamar “Feminismo Clitórico” que simboliza o externo, o público, o poder sobre nós mesmas».

Moitas foron en efecto, as mulleres que contribuíron a evidenciar a necesidade de recuperar a *palabra*, de convertela nunha auténtica *festa*. Máis de seiscentas artistas, políticas, filósofas, escritoras, investigadoras e críticas con diferentes criterios e puntos de vista levan un cuarto de século traballando a prol da visibilidade das mulleres galegas. Pouco teñen que ver realmente as artesanais páxinas do número inicial co presentado con motivo do aniversario. *25 anos de cultura feminista*, é un coidado traballo que recolle artigos certamente interesantes para a historia do feminismo galego. É o caso dos titulados: «Feministas de FIGA amigas e colaborador@s», «Teoría feminista na Festa da Palabra» ou «Da revista como estímulo do pensamento poético».

Dóenos o escaso recoñecemento público de que ten sido obxecto tan singular e importante aniversario. É por iso que queremos facervos chegar a todas, as que facedes e as que ledes a *Festa da Palabra Silenciada*, o noso máis sincero recoñecemento, desde o convencemento de que todas as mulleres galegas estamos de noraboa.

Monográficos

1. [Sen datos]
2. Rosalía de Castro
3. Francisca Herrera Garrido
4. Xoana Torres
5. Nenas
6. Emilia Pardo Bazán
7. Medios de comunicación
8. Erotismo
9. Colonialismo e sexismo
10. O desafío de Antígona, a razón de Fin de Século

11. Novísimas pintoras galegas
12. Pura e Dora Vázquez
13. [Sen datos]
14. Arquitectura e urbanismo
15. Simone de Beauvoir, 50 anos de revolución sexual
16. Unha festa poética
17. Abolição!
18. As mulleres de La Artística
19. Rromipén (cultura xitana)
20. A ciencia como aliada
21. María Mariño
22. Os feministas
23. Violencia
24. O verbo patriarcal. O sexismo na linguaxe
25. 25 anos de cultura feminista ■

PUBLICIDADE



AQUANOVA
viajes

Benito Corbal. 16
986 850 086 (4 líneas). Pontevedra



CARTELES
Café

Rúa do Sol, 139-141
Tel: 35 31 66 Ferrol

BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

andaina
revista galega de pensamento feminista

Nome	Apelidos
Enderezo	Localidade
.....	Código Postal
Desexo subscribirme á Revista Andaina a partir do nº	
Prezo: <i>Tarifa normal</i> <input type="checkbox"/> 15 € ano	<i>Tarifa de apoio</i> <input type="checkbox"/> 16 € ano

<input type="checkbox"/> Envío talón. Pago en efectivo	Data
<input type="checkbox"/> Transferencia bancaria á cta. de Andaina (Caixa Galicia CCC: 20910377743040003301)	Bco/Caixa
<input type="checkbox"/> Domiciliación bancaria (cubrir os datos adxuntos e enviar a: Revista Andaina , apdo. 1058 de Santiago)	Oficina
	Localidade


Agradecereilles que a partir desta data atendan con cargo a miña conta Nº CCC:

Entidade	Oficina
Dc	Nº de conta

Os recibos presentados pola revista **Andaina**.
Atentamente:

Nome	Apelidos
Sinatura do/a titular da conta:	
.....	

PODES ATOPAR O BOLETÍN EN www.andainamulleres.org



anda!na

revista galega de pensamento feminista

PUNTOS DE VENDA

A Coruña

Librería Couceiro

Praza do Libro, 12

Librería Xiada

Avd. de Fisterra, 76-78

Librería Lume

Rúa Fernando Macías

Pontevedra

Librería Michelena

Rúa Michelena, 22

Librería Paz

Peregrina, 29

Santiago

Librería Couceiro. Praza de Cervantes, 6

Librería Pedreira

Rúa do Home Santo, 55

Baba. Área Central

Ártico. Rúa do Vilar, 49

Lugo

Librería Trama

Avd. da Coruña, 21 (galerías)

Ourense

Livraria Torga. Rúa da Paz, 12

Servicio de Asesoramento das Mulleres

■ CONCELLERÍA DA MULLER ■

Para a atención específica dos problemas que afectan ás mulleres o Concello de Santiago pon a súa disposición o Servicio de Asesoramento das Mulleres


Para asesorarte nas túas dúbidas e buscar unha solución ós teus problemas familiares, laborais, xurídicos e sociais

Estamos a túa disposición na Praza da Constitución s/n.

■ *Horario de atención ó público*

Tódolos días de 10 a 14 h.

Teléfono: 981 57 14 61



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería da Muller

«A aínda moza Concha Castroviejo», que dicía Borobó, tiña 44 anos e correra bastantes aventuras antes de volver á súa cidade natal, Compostela, desde o afastado México, onde chegou exiliada en 1939, como tantos milleiros de republicanos tras a derrota na guerra civil.

Nacera en 1910 no seo dunha familia acomodada, culta e de forte relixiosidade. Teimou en realizar estudos de bacharelato e ir á universidade, pese á oposición do pai, catedrático da mesma.

Concha Castroviejo

Rebelouse, nisto e noutras cousas. Aliñouse cos republicanos e mesmo foi testemuñar a favor de Paco Comesaña —o Daniel da Barca de *O lapis do carpinteiro*— no xuízo sumarísimo que se seguiu contra el por comunista e alterador das masas, en decembro de 1936, en Compostela, e para o que pedían pena de morte; conseguiu saír de Santiago e Galicia a comezos de 1937. No inverno de 1939 chegou a Francia co grande éxodo que fuxía da derrota e das tropas franquistas.

Desde Bordeos, en xuño de 1939, embarcou para México, onde pasou dez anos até que decidiu volver coa súa filla de 8 anos, María Antonia Seijo. Arribaron ao peirao da Coruña en decembro de 1949.

A comezos de 1951 estaba traballando en *La Noche*, o xornal vespertino de Compostela dirixido por Goñi, xunto a Borobó, Olano... Asinaba tamén como Asela. Fixo os cursos que convocaba a Escola Oficial de Periodismo, dependente da Dirección General de Prensa, para obter o título que a acreditase para o exercicio da profesión, que desde setembro de 1953 exercería no diario *Informaciones* de Madrid e, posteriormente, en *Hoja del Lunes* e na axencia EFE.

Santiago éralle abafante: unha cidade, e unha sociedade, pechada, carca, clerical, murmuradora. E Concha Castroviejo era unha muller libre e independente.

Da súa pluma como crítica e xornalista hai un traballo inmenso de trinta longos anos. Críticas literarias, crónicas e colaboracións en *Ínsula*, *La Estafeta Literaria*, *Revista de Occidente*, *Grial*, *Blanco y Negro*... Dúas novelas, *Los que se fueron* (que escribiu recentemente chegada de México,



Subida no érbedo que daquelas había na horta do Pazo da Ermida ou Torres de Lestrove en xuño de 1951, naquel simbólico peregrinar polas rutas rosalianas organizado polo Padroado de Rosalía no ano da súa fundación.

presentou ao Premio Nadal de 1952 e foi publicada en 1957) e *Vispera del odio* (1958). *El jardín de las siete puertas* (premio Doncel de contos, 1961), publicado na colección «La ballena alegre», reúne unha presa de contos, lendas e unha obra de teatro que a revelan como unha boa escritora de literatura infantil; así como o maravilloso relato dunha infancia lembrada, soñada, na obra *Los días de Lina* (1971).

En Madrid residiu até a súa morte, en decembro de 1995, após dez anos de enfermidade vascular e dexenerativa.

Raimundo Domínguez, *Borobó*, escribía no artigo «Subida ó madroño de Rosalía», en *O Correo Galego*, reproducido no xornal electrónico da USC, núm. 198, de 26 de setembro de 2000: «[...] poucos se acordan en Santiago de que Concha Castroviejo é a escritora máis importante que dou Compostela en todo o século que agora fina. Se ben algúns lembráranse da inda moza Concha ó vela, na histórica película na que participamos, subida ó madroño de Rosalía, namentres falaba Sebastián Martínez Risco nas Torres de Lestrove».